



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE SADA




TOMO II ESTUDO DO MEDIO RURAL E DO MODELO DE ASENTAMENTO





ÍNDICE


1.-	EXPLICACIÓN BÁSICA DA ESTRUTURA DE ASENTAMENTO DE SADA	2
1.1.	O CONTEXTO SUPRALOCAL. O ESPAZO METROPOLITANO	3
1.2.	FUNCIÓN E DINÁMICA DO ASENTAMENTO	5
1.3.	ASPECTOS MORFOLÓXICOS E TIPOLÓXICOS DO ASENTAMENTO	7
1.3.1	Asentamento histórico ou orixinal	7
1.3.2.	Asentamento de transición	8
1.3.3.	Grandes propiedades ou fincas singulares.....	8
1.3.4	Asentamento contemporáneo espontáneo ou diferido	8
1.3.5.	Asentamento contemporáneo en polígono ou actuación conxunta	8
1.3.6.	Implantación industrial-terciaria de orixe espontánea	8
1.3.7.	Desenvolvemento industrial en polígono	9
2.	A ESTRUTURA TERRITORIAL DO PASADO	10
2.1.	A ORGANIZACIÓN PARROQUIAL DE SADA. SITUACIÓN DOS ASENTAMENTOS ORIXINAIS.	12
2.1.1.	Veigue: As concas do Soutilo e do Fraga e a costa norte	13
2.1.2.	Carnoedo: A conca da Regueira, a subconca alta e media do Ríovao e a franxa costeira	14
2.1.3.	As parroquias da subconca alta e media do Fontoira: Meirás, Mondego e Mosteirón	15
2.1.4.	As parroquias da subconca do Seixeda: Osedo e Soñeiro.....	16
2.1.5.	Sada: subconcas baixas do Ríovao e Fontoira, conca baixa do Maior e val costeiro aberto á Ría de Betanzos	17
2.2.	MORFOLOXÍA DOS ASENTAMENTOS ORIXINAIS. A UTILIZACIÓN DO SOLO PRODUTIVO OU DE SUSTENTO.	18
3.	A ESTRUTURA DE ASENTAMENTO ACTUAL	20
3.1.	A HERDANZA DA ESTRUTURA RURAL	21
3.2.	NOVAS FORMAS DE ASENTAMENTO RESIDENCIAL	22
3.3.	AS ÁREAS INDUSTRIAIS.....	28
4.	ESTUDO DA PAISAXE.....	30
4.1.	INTRODUCCIÓN.....	31
4.2.	UNIDADES DA PAISAXE	32
4.2.1.	Contexto na unidade da paisaxe do Golfo Ártabro Litoral.....	32
4.2.2.	As unidades da paisaxe de Sada.....	33
4.3.	ANÁLISE DAS ÁREAS DE INTERVISIBILIDADE.....	34
4.3.1.	A Conca Visual da Ría de Sada.....	34
4.3.2.	Área de Sada. Conca do Rego Maior	35
4.3.3.	Costa de Carnoedo	36
4.3.4.	Punta de San Mamede	36
4.3.5.	Área de Lorbé. Veigue, Cirro e San Pedro	37
4.4.	A PAISAXE URBANA DO NÚCLEO DE SADA	38
	ANEXO 1 TÁBOAS DE INDICADORES DO MODELO DE ASENTAMENTO	40
	ANEXO 2 CENSOS E PADRÓNS OFICIAIS DE HABITANTES	49
	ANEXO 3 NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. LISTADO DE TOPONIMIA OFICIAL	53
	ANEXO 4 PLANOS-FICHA DO ESTUDO DA PAISAXE. FICHAS DE UNIDADES DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL	55



1.- EXPLICACIÓN BÁSICA DA ESTRUTURA DE ASENTAMENTO DE SADA



1.1. O CONTEXTO SUPRALOCAL. O ESPAZO METROPOLITANO



O modelo de asentamento actual de Sada require, para a súa comprensión, dun exercicio de observación dos procesos que teñen lugar máis alá dos límites do propio Concello. Esta afirmación cobra especial importancia ao analizar o desenvolvemento urbanístico e poboacional deste concello nos derradeiros trinta anos.

Esta nova forma de ocupar o territorio, que perdeu o arraigo e a dependencia ao lugar como motivo de ser, e agora baséase na mobilidade, constitúe un fenómeno característico da sociedade da información e dun mundo globalizado no cal a maraña de relacións repercute cada vez máis nos elementos da estrutura territorial.

É evidente que a poboación de Sada, a súa estrutura social e económica, non se atopa illada se non que participa dese mundo de relacións que excede do ámbito local pero que se manifesta nel.

Sabemos que esa estrutura social e económica ten, a diferentes niveis, relacións co resto do mundo: vínculos xurdidos da emigración, relacións comerciais internacionais e nacionais (o viveiro que importa o marisco de Francia ou Irlanda, o pescado que sae da lonxa, etc.), ou a chegada dun continxente poboacional foráneo na época estival...

A dificultade está en definir un marco territorial que poda dar explicación ao fenómeno do asentamento e as funcións que asume o espazo municipal nese contexto de relacións.

Autores como Precado Ledo ou ben as Directrices de Ordenación do Territorio definen un espazo subrexional que comprende a denominada “rexión urbana” da Coruña e Ferrol, na cal se identifica un conxunto de relacións que son susceptibles de territorialización en base a unha estrutura poboacional e de asentamento, un conxunto de infraestruturas, así como a existencia de diversos enclaves de actividade que son compartidos. O Concello de Sada atópase neste espazo-rexión asumindo unha serie de funcións específicas:

- Función residencial, concretada nunha forma de asentamento rururbano (agregado urbano) e nun núcleo de referencia ou de “identidade litoral”, a Vila de Sada.
- Función comercial e de servizos, a través da Vila de Sada e o Porto de Fontán.
- Función ambiental, dadas as calidades do seu litoral, do seu patrimonio.

Baixo un punto de vista máis focalizado identifícase outro espazo de menor dimensión: a área metropolitana da Coruña, da cal o Concello de Sada tamén participa, se ben en grao menor respecto a outros Concellos como Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros.


Algúns autores definen unha primeira coroa metropolitana composta polo espazo inmediato á cidade da Coruña. O Concello de Sada estaría nunha segunda coroa xunto aos Concellos de Bergondo, Abegondo, Betanzos e Carral.

Sobre o espazo metropolitan da Coruña destacamos algúns aspectos que hai que ter en conta:

- O desenvolvemento metropolitan da Coruña aconteceu nun curto período de tempo no cal se deron actuacións no territorio de forma precipitada, sen o axeitado marco organizativo.
- É un proceso dinámico, dificilmente aprehendible nunha visión estática, e dificilmente previsible. Coñecemos a súa xénese ou motivos de formación pero descoñecemos o seu futuro.
- Desenvólvese en base a unhas forzas ou leis de tipo gravitatorio onde as masas inflúen nas dinámicas de atracción e expulsión.

O Concello de Sada está sometido á influencia da cidade da Coruña, pero tamén ao doutros subcentros como a propia Vila de Sada, a Vila de Betanzos, os polígonos industriais, etc.

- O desenvolvemento metropolitan non entende de límites administrativos e si de límites físicos ou naturais e de elementos artificiais que actúan como condicionantes ou “canles” a través dos cales as forzas descorren mellor.



- O desenvolvemento metropolitano supuxo a ruptura dun modelo de asentamento ancestral disperso de base autárquica de forte raizame rural e de resultado adaptativo, hoxe en día practicamente irrecoñecible, e modificado por un tipo de asentamento rururbano, extensivo nun proceso de “urbanización difusa”.
- O espazo metropolitano constitúese como área de funcións relacionadas na que xorde a especialización e a descentralización de usos e actividades respecto á cidade principal.

A función residencial, historicamente representada pola cidade central, experimenta un forte desenvolvemento por igual nos catro municipios da primeira coroa metropolitana. Sada, aínda que considerada na segunda coroa, presenta un forte desenvolvemento equiparable aos concellos da primeira.

As funcións sociais e económicas, materializadas en diversos usos e actividades sobre o territorio xorden tamén máis alá dos límites da cidade histórica: industria, comercio, servizos administrativos, equipamentos, turismo, lugares de ocio, etc. distribúense polo territorio periférico.

Segundo o autor Precado Ledo, estas novas funcións que asume a periferia apóianse en catro corredores de urbanización coincidentes coas principais e históricas vías de comunicación que converxen na Coruña: eixo de Fisterra, eixo de Castela, eixo de Santiago, e polo último, o eixo de Cambre-O Burgo.

Varios autores inciden sobre a enorme influencia que as vías de comunicación, e en particular a mobilidade individual motorizada, exercen no desenvolvemento urbano da área metropolitana.

Agora ben, de cara a comprender mellor o modelo de asentamento actual de Sada; que procesos e que funcións se desenvolven en Sada en relación ao contexto metropolitano?


Para responder a esta pregunta é preciso recorrer a certos datos documentados así como ao esmiuzado do sistema de asentamento coa axuda da expresión gráfica dos planos de información e análise.

Un primeiro dato contundente é o referido ao aumento de poboación nos derradeiros 30 anos. Da poboación existente ao principio dos 80 (uns 7.800 hab.) pasouse a case ou dobre na actualidade (14.487 hab en 2009). Semellante incremento de poboación só é posible nun contexto de forte dinámica, en especial un saldo migratorio positivo onde a cidade da Coruña foi decisiva como contribuínte.


O número de vivendas sufriu un incremento similar en Sada, acadando na actualidade unha cifra de 10.700 vivendas. Do total de vivendas, un 60% localízanse no núcleo da Vila de Sada mentres que o 40% restante (unhas 4.400) son vivendas situadas no medio rural (rururbano), das cales só unha pequena parte son vivendas de orixe tradicional. Polo tanto, nas derradeiras décadas instalouse en Sada un continxente poboacional foráneo relacionado directamente co desenvolvemento urbanístico da Vila de Sada e coa ocupación extensiva do medio rural, nun claro contexto metropolitano,

Outro indicador que dá fe das relacións metropolitanas constitúeno o rexistro de desprazamentos. Así, o 46% da poboación ocupada que reside en Sada desprázase cada día para traballar fóra do Concello. Deles, uns 1.000 ocupados desprázanse todos os días a cidade da Coruña para traballar. A estas cifras habería que engadir un número indeterminado de estudantes que se desprazan cada día fóra do Concello.

En canto á poboación flotante, Precado Ledo cuantifica en máis de 3.000 persoas as que entrarían en Sada dende o exterior por mor do traballo, ocio ou segunda vivenda.



1.2. FUNCIÓN E DINÁMICA DO ASENTAMENTO



A función principal do asentamento de Sada é a residencial, se ben como se irá vendo, outras funcións inherentes á actividade humana desenvólvense, ben complementariamente ao asentamento residencial ou ben en ámbitos específicos (monofuncionais).

Máis alá desta afirmación básica agáchase unha realidade máis complexa froito dun desenvolvemento no tempo e no espazo no cal se sucederon estruturas de ocupación que foron quedando impresas no territorio a modo de capas ou estratos.

É certo que cando se produce un cambio social e económico ao que lle sigue unha nova función do territorio, sobrevén unha estrutura de asentamento que modifica o sinxelamente enturba a anterior. Este proceso, repetido sucesivamente, móstranos hoxe en día un territorio alterado e cargado de información que é preciso interpretar.

Para entender mellor a dinámica de asentamento de Sada vamos partir dunha primeira consideración válida para a totalidade do territorio galego, na cal distinguimos dous grandes momentos que teñen o seu punto de inflexión na primeira metade do século XX.

- Un longo período da historia caracterizado pola autarquía, no cal o ser humano establece un vínculo moi forte co medio natural que lle dá sustento, nun proceso de alteración e adaptación. Isto dá lugar a un modelo de asentamento rural disperso que explicaremos detalladamente en apartados seguintes.

Como excepción a esta afirmación temos a Vila de Sada-Fontán, cunha vinculación temperá ás actividades comerciais e á industria artesanal relacionada co mar.

- Un curto (excesivamente curto) período da historia na cal a sociedade do capital (industria, servizos, información) rompe a súa relación de dependencia co medio natural. Sorprendentemente xorde un forte desenvolvemento do asentamento no medio rural cuxa motivación hai que buscala no fenómeno metropolitano e subrexional.

O asentamento máis antigo do cal se ten constancia é o dos castros. En Sada observamos unha grande densidade deste tipo de asentamento, supoñemos debido ás bondades do territorio para o desenvolvemento da vida sedentaria. Hai dous exemplos de enclaves litorais, un en Veigue e outro en Punta de San Mamede, o que explica a importancia do mar como fonte de recursos.


Coa entrada da cultura romana o castro como forma de asentamento non se abandona e convive cunha nova que se adapta mellor ao novo orde social e produtivo as “*vilae*”.

Coa posta en práctica de novas técnicas de explotación agrícola iníciase un novo modelo de asentamento cuxa motivación xa non é a seguridade e a defensa se non a colonización de novos espazos, en terreos máis fértiles. Este proceso lento de ocupación en unidades ou entidades dispersas vai ter lugar durante un longo período de tempo que abrangue a Idade Media. A toponimia de Sada contén algunhas referencias aos orixes latinos e xermánicos (Vilar, Beloi, ...).

O mundo rural experimenta un rexurdimento poboacional en toda Europa tras o descubrimento de América, acadando o seu máximo esplendor nos séculos XVII e XVIII. A introdución de novos produtos, algúns deles tan estendidos en Galicia como o millo e a pataca permitiu conseguir maior cota de sustentabilidade do sistema autárquico.

O territorio galego logrou un alto grao de antropización en consonancia cas condicións do medio físico e a capacidade de acollida da actividade agrícola. Durante este período consolidouse o que foi, ata fai unhas décadas, un sistema de organización social e económico cunha forte dependencia e integración no medio físico articulado en unidades territoriais, chamadas parroquias, que aglutinaban as funcións básicas para o desenvolvemento da vida en comunidade.

O modelo de asentamento rural de Sada, a súa división parroquial, o seu espazo agrícola, os seus montes, aínda con todas as transformacións recentes que o desvirtúan ou anula, é a herdanza de dito momento de esplendor.



No tempo que comprende o século XIX e a primeira metade do XX sucede unha forma de asentamento de transición cara os modelos contemporáneos. Durante este período vaise producir a primeira expansión ou crecemento dos asentamentos rurais así como da Vila de Sada, en resposta aos cambios sociais e económicos do momento que encadramos nun contexto ou etapa preindustrial. Por primeira vez xorde unha motivación residencial desligada da agricultura que responde á necesidade de novos sectores da sociedade ocupados na incipiente industria, no comercio, ou ben unha nova clase social, a burguesía, que atopa en Sada un lugar idóneo para construír a vivenda de recreo.

O fenómeno da emigración, que fixo posible a entrada de capital, ten que terse en conta tamén como motivo de transformación en todos os ordes.


Todo elo foi posible baixo a influencia da Cidade da Coruña e a construción de novas vías de comunicación que colocaron á Vila de Sada en mellor relación con Lorbé, Mera, Santa Cruz, no veciño Concello de Oleiros, e en especial coa Coruña. Así, a mellora na rede viaria constituíu o principal motivo de unha expansión residencial que utilizou a infraestrutura como eixo de medra.

As relacións entre a Vila de Sada e A Coruña foron estreitas na primeira metade do século XX. A liña do tranvía creada nos anos 20 ilustra esa realidade.


Tras unhas décadas de recesión ao redor de mediados do século XX, nas cales non se produce alteración no modelo de asentamento, ábrese un último período a partir da década dos 80 caracterizado por un forte desenvolvemento residencial, tanto na Vila de Sada como no medio rural que circunda os asentamentos orixinais. Tamén xorde de forma localizada no eixo da estrada nacional N-VI un foco de uso industrial-comercial compartido cos veciños concellos de Cambre e Bergondo.

Este período de forte desenvolvemento no cal a poboación do Concello duplica o seu número de habitantes vai estar en estreita relación co fenómeno metropolitano e as relacións entre as funcións de residencia-traballo-ocio.

A característica máis sobresaínte do novo orde, en canto á súa repercusión no modelo de asentamento, é a ocupación extensiva de solo agrícola e forestal en desuso por un gran número de vivendas unifamiliares que son habitadas por un continxente social que maioritariamente se atopa inmerso nas relacións de dependencia metropolitanas ou subrexionais.



1.3. ASPECTOS MORFOLÓXICOS E TIPOLÓXICOS DO ASENTAMENTO



Outra forma de comprender a estrutura de asentamento actual de Sada é analizando os aspectos morfolóxicos, tipolóxicos e de uso dos seus asentamentos.

Atopando apoio na expresión gráfica dos planos do Estudo do Modelo de Asentamento púidose tipificar e agrupar atendendo a ditos aspectos así como á dinámica e función do asentamento exposta no apartado anterior.

Unha vez identificadas as diferentes áreas de asentamento procedeuse a parametrizar certas variables como a superficie de solo que consumen, o número e densidade de vivendas e o tamaño medio de parcela, dando resultados interesantes de grande axuda para abordar a ordenación.

Tipificáronse as diferentes áreas de asentamento en:

- USO RESIDENCIAL

ASENTAMENTO NO MEDIO RURAL

ASENTAMENTO HISTÓRICO OU ORIXINAL

ASENTAMENTO DE TRANSICIÓN

GRANDES PROPIEDADES OU FINCAS SINGULARES

ASENTAMENTO CONTEMPORÁNEO EN POLÍGONO OU EN ACTUACIÓN CONXUNTA

ASENTAMENTO CONTEMPORÁNEO ESPONTÁNEO E ESTRUTURADO

ASENTAMENTO CONTEMPORÁNEO ESPONTÁNEO E DESESTRUTURADO

ASENTAMENTO URBANO-VILA DE SADA

ASENTAMENTO HISTÓRICO OU ORIXINAL

ASENTAMENTO DE TRANSICIÓN

CRECEMENTO CONTEMPORÁNEO DIFERIDO

CRECEMENTO CONTEMPORÁNEO EN POLÍGONO

- USO INDUSTRIAL-LOXÍSTICO-EMPRESA DE SERVIZOS

DESENVOLVEMENTO EN POLÍGONO

IMPLANTACIÓN DE ORIXE ESPONTÁNEA.


1.3.1 Asentamento histórico ou orixinal

En Sada recoñécese unha estrutura de asentamento antiga formada por entidades dispersas, na súa gran maioría de base agraria e en menor medida de implantación litoral como é o caso de Fontán e Area (A Tenencia), ámbolos dous xa integrados no mallado urbano actual.

A pesar das transformacións acontecidas na sociedade, a situación de crise e o abandono da actividade agraria, son asentamentos que conservan en gran parte os trazos morfolóxicos e tipolóxicos orixinais.

A estrutura viaria e parcelaria así como a edificación residencial e adxectiva ás alcores do campo son herdanza dun sistema de asentamento que se desenvolve en resposta a un proceso de adaptación ás condicións do medio físico. De aí que a morfoloxía dos núcleos se caracterice polo desenvolvemento orgánico e adaptado.

Unha parte importante do seu continxente poboacional está formado por homes e mulleres de idade avanzada que no pasado tiveron relación de dependencia co medio rural. Existen polo tanto, lazos de apego ao lugar e de cohesión social.



TÁBOA RESUMO DE INDICADORES DO MODELO DE ASENTAMENTO				
Tipo de asentamento	Número de vivendas	Superficie do asentamento	Densidade de vivendas	Parcela media
ASENTAMENTO HISTÓRICO OU ORIXINAL	1.630	1.747.710 m ²	9,33 Viv/Ha.	1.011 m ²
ASENTAMENTO DE TRANSICIÓN	1.899	681.749 m ²	27,85 Viv/Ha.	881 m ²
ASENTAMENTO ESPONTÁNEO DE VIVENDA UNIFAMILIAR	2.321	4.797.761 m ²	4,84 Viv/Ha.	1.662 m ²
ASENTAMENTO ESPONTÁNEO DE VIVENDA COLECTIVA (VILA DE SADA)	2.994	184.921 m ²	161,91 Viv/Ha.	
ASENTAMENTO EN POLÍGONO OU ACTUACIÓN CONXUNTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR	622	361.272 m ²	17,22 Viv/Ha.	461 m ²
ASENTAMENTO EN POLÍGONO OU ACTUACIÓN CONXUNTA DE VIVENDA COLECTIVA	1.234	126.372 m ²	97,65 Viv/Ha.	

1.3.2. Asentamento de transición

Identificamos como asentamento de transición os crecementos sobre a base dos xa existentes que tiveron lugar durante o período ou etapa preindustrial (século XIX e 1ª metade do século XX), como resultado do inicio do que máis adiante será o gran cambio social e económico da sociedade moderna.

Son asentamentos de estrutura lineal articulados en base ás novas ou renovadas vías de comunicación, entre estas, as estradas que converxen no núcleo de Sada.

Baixo esta tipoloxía diferenciamos aqueles crecementos dos núcleos antigos sobre as estradas, de estrutura solta e de vivenda unifamiliar illada, de aqueles específicos da Vila de Sada. Estes últimos de estrutura máis compacta, de edificación acaroada e clara fachada aliñada ao viario.

1.3.3. Grandes propiedades ou fincas singulares

Aínda que non constitúe unha forma de asentamento en si mesma, recoñécense as grandes propiedades vinculadas a edificacións singulares ou de importancia histórica que, pola súa posición e dimensión, condicionou a forma e desenvolvemento dos asentamentos no medio rural.

1.3.4 Asentamento contemporáneo espontáneo ou diferido

Comprende o asentamento desenvolvido nas derradeiras tres décadas en base a un proceso edificatorio diferido aínda que concentrado en dito período de tempo. Diferénciase á súa vez en áreas de asentamento no medio rural (desenvolvemento rururbano) e o crecemento contemporáneo da Vila de Sada.

No primeiro caso trátase da colonización do espazo agrícola en estado de abandono, nun proceso continuo de edificación de vivenda unifamiliar illada, utilizando como soporte a estrutura viaria e parcelaria rural que rodea os asentamentos orixinais ou históricos.

De xeito casual ou, no seu caso, dirixida pola clasificación do solo do planeamento anterior o proceso edificatorio foi desembocando en agrupacións que tenden a colmatar o espazo intersticial entre os asentamentos preexistentes.

No plano de “Estudo das Tipoloxías de Asentamento” identifícanse áreas “estruturadas de outras “desestruturadas” en función do grao de integración dos elementos que conforman a estrutura do asentamento.


1.3.5. Asentamento contemporáneo en polígono ou actuación conxunta

Constitúen as áreas de asentamento que se desenvolveron en ámbitos de execución conxunta nun proceso de deseño, xestión, urbanización e edificación concentrado no tempo, observándose tanto no medio rural como na Vila de Sada.

Cando o proceso xorde no medio rural trátase de pequenas urbanizacións de vivenda unifamiliar, xeralmente de acaroados de vivenda, que presentan unha estrutura viaria e parcelaria “ex novo” integrada na estrutura rural con mellor ou peor fortuna.

1.3.6. Implantación industrial-terciaria de orixe espontánea


Son áreas de asentamento espontáneo xurdidas orixinariamente ao bordo da estrada Sada-A Coruña, lugar do Tarabelo, e ao bordo da estrada nacional (N-VI) na zona de Espírito Santo, esta última alcanzando maior desenvolvemento edificatorio debido á importancia do eixo de Castela no desenvolvemento da actividade económica.



1.3.7. Desenvolvemento industrial en polígono


Ante a evidencia dun potencial industrial na zona do Espírito Santo, marcado polo cruce de camiños entre a N-VI e a estrada de Cambre a Sada, e a aparición espontánea da edificación de uso industrial e comercial, o planeamento urbanístico e territorial fixo por establecer crecementos ordenados que tiveran un desenvolvemento posterior.

Baixo esta forma de asentamento en polígono englobaríanse aquelas actuacións planificadas e executadas, no cal a estrutura viaria e parcelaria xorde “*ex novo*” para dar soporte a unha implantación que se desenvolve nun proceso concentrado no tempo. Son os polígonos de Espírito Santo (Cambre-Sada), Soñeiro e Ferradura.



2.A ESTRUTURA TERRITORIAL DO PASADO





O grande crecemento no entorno das parroquias de Meirás, Mondego e Mosteirón na actualidade (imaxe en color) contrasta coa fotografía do voo americano do ano 1956; as transformacións máis importantes prodúcense na zona de contacto co concello de Oleiros. Destaca, na imaxe actual, a presenza de catro actuacións conxuntas de interese: ó norte, a urbanización O Valo (Meirás), ó sur, a de Ameixeiral (Mondego), e ó oeste, os conxuntos de Souto da Igrexa e La Soleada

O estudo do medio rural e do modelo de asentamento de Sada presenta certa dificultade, xa que a estrutura rural e o sistema de núcleos de poboación aparece desvirtuado ou desaparecido, segundo os casos. Isto é debido ás grandes transformacións producidas, sobre todo, na segunda metade do século XX.

Esta situación leva a abordar a análise cunha mirada retrospectiva. Por este motivo se terán en conta as tres primeiras etapas no proceso de construción do territorio no Noroeste da Península Ibérica: o asentamento castrexo, a posterior romanización e a estruturación en aldeas organizadas a través de parroquias.

Obviamos, de momento, as dúas últimas etapas, as que se refiren á estruturación do territorio como consecuencia da implantación e evolución do sistema urbano (unha primeira fase máis feble e a outra moito máis dinámica).

Enfocado o obxectivo sobre o que pousar a atención, o seguinte é determinar o modo de aproximarse ó mesmo. Será a xeografía a disciplina que permitirá a caracterización da identidade territorial, tendo en conta dende os aspectos relacionados coa aparencia física da superficie (relevo, cursos de auga, clima,...) ata aqueles que derivan da relación do home co medio (asentamentos humanos, poboación, actividades económicas,...). O grupo de planos de información que acompañan este documento facilitarán os datos necesarios para o concello de Sada.


Así pois, estamos en condicións de iniciar a descrición do “territorio humanizado” entendido, no seu sentido máis ancestral, como a área territorial de influencia do asentamento de orixe rural ou antiga. Esta definición vai ligada ao concepto de dependencia do medio, dando lugar a un territorio transformado que abrangue unha extensión superficial determinada, a mínima necesaria para procurar o sustento, e que en Galicia respondeu a un sistema de economía de autoabastecemento.

Abórdase o estudo a través dos patróns que conforman o territorio de Sada:

- os ámbitos físicos no que se desenvolve a actividade humana,
- os usos desenvolvidos en base aos medios físico e biótico,
- a infraestrutura soporte da ocupación e da actividade: viaria e parcelaria.



2.1. A ORGANIZACIÓN PARROQUIAL DE SADA. SITUACIÓN DOS ASENTAMENTOS ORIXINAIS.



Concas fluviais no concello de Sada e distribución actual da poboación. As sombras recollen a situación dos asentamentos tradicionais.

O espazo xeográfico no que se desenvolve o municipio está definido na súa meirande parte pola conca do Rego Maior (que tamén penetra no concello de Bergondo). Dentro dela localízanse tres subconcas que pertencen a Sada: a do Regato de Fontoira (rego tributario do Rego Maior) e as dos regos de Riovao e Seixeda (cuxos cursos verten ó Regato de Fontoira).

Completan o territorio tres pequenas concas ó norte: a do Rego de Soutilo, a do Regato do Fraga e a da Regueira; ademais, catro concas que se estenden principalmente polos concellos limítrofes (dúas delas pertencentes á conca do Río Mero) introdúcense no concello polo oeste. A superficie que resta ó leste está constituída por unha franxa de forte pendente cara ó mar e pola desembocadura do Rego Maior no núcleo urbano de Sada.

A xeomorfoloxía do ámbito de Sada presenta en xeral un relevo baixo e pouco accidentado, que descende cara á ría de Betanzos; un gran val en contacto co mar e formado pola confluencia de catro cursos fluviais, preséntase como a superficie máis deprimida do concello. A topografía do resto do municipio elévase suavemente en torno a esta área ata chegar ó límite municipal, onde se acadan as maiores cotas sobre o nivel do mar: en Meirás, o alto do Muíño de Vento (167.83m) e Castelo (168.90m), en Espírito Santo, O Coto (171.35m). O borde marítimo preséntase accidentado e cunha pronunciada caída ó mar en forma de cantís; na medida que se avanza cara ó sur, a liña de costa faise máis suave.



Esta topografía, xunto coa proximidade do mar e as favorables condicións climáticas (temperaturas estables e suaves ó longo do ano, choivas moderadas e veráns frescos), fan que, en xeral, toda a superficie do municipio sexa propicia para o asentamento, sen procurar unha determinada orientación.

A análise dos límites deste marco físico permitirá establecer os precedentes naturais nos que se basea o límite administrativo actual; se ben este último ven determinado polos accidentes xeográficos, diversas situacións (como a falla de referencias físicas ou a existencia de importantes elementos artificiais) poden condicionar o seu trazado. No caso concreto de Sada, advírtese que o relevo actúa como soporte orientativo, pero o límite resólvese as máis das veces dun xeito pouco comprensible.

O límite municipal do Concello de Sada identifícase cunha porción de costa que abrangue a marxe noroeste da Ría de Betanzos, dende a Punta Corbeiroa ata a Punta do Cirro. Nesta última, o límite sube o cantil e busca un porto entre o monte de Valexa e o monte de A Braña (no municipio de Oleiros). Discorrendo pola aba do primeiro, atravesa o Río Lúgrís, para continuar pola faldra do monte de A Besta e alcanzar o cumio do Monte das Monxas (cruzando o Río Douro). O recorrido desde aquí pasa por abrazar as cotas máis altas do Bosque do Conde e cruzar, en Meirás o segundo punto máis alto do concello, Castelo. A continuación, o trazado continúa durante un curto tramo por unha dorsal que separa o Rego da Cova do monte Agra de Coiro; aproximadamente na cota cento cinco, un cambio de dirección cara ó sueste fai que a liña cruce o Rego de San Pedro e suba pola aba do monte do Coto (o máis alto) ata chegar a unha dorsal do mesmo pico. E neste punto é onde o límite describe unha forma que non obedece, en principio, a ningún condicionante coñecido; se ó esperado era que envolvese o monte do Coto, o que aquí se produce é unha lingua de territorio engadido a esta envolvente.

Deixando atrás este cumio, a dirección do límite é máis ou menos paralela a unha dorsal do mesmo, ata concluír nun porto. O último tramo da delimitación busca o Rego Maior, para o cal, desde o porto citado e tocando a cota máis alta do monte dos Campos, baixa en diagonal a elevación de Gabia de Castro e, finalmente, incorpórase a un pequeno rego que verte no Rego Maior. O municipio queda delimitado coa continuidade da liña polo curso fluvial ata un punto no que outro curioso cambio de dirección a leva ata a Punta Corbeiroa atravesando unha elevación.

Como conclusión, non se poden case identificar accidentes xeográficos precisos que, de forma continuada, actúen como barreiras naturais cos municipios lindeiros; só cabe destacar o caso de Meirás, coas elevacións do Monte das Monxas e O Bosque do Conde.



Distribución parroquial, asentamentos castrexos (trama raiada) e orixinais. En liña discontinua represéntanse as concas fluviais; as sombras ocre indican as cotas máis elevadas do municipio

Unha vez delimitado o municipio, preséntase á vista un ámbito espacial no que se recoñece unha actividade humana con identidade local. Un estudo máis preciso permite observar que este grande espazo alberga, a súa vez, unidades territoriais menores que favorecen relacións máis inmediatas dos habitantes co medio e entre eles, constituíndo un marco onde articular a vida comunitaria.

Deste xeito, queda identificado o ámbito que actualmente se recoñece como parroquia, se ben é necesario aclarar o proceso evolutivo desta institución, xa que o que neste estudo se procura é indagar sobre a orixe dos asentamentos tradicionais do concello de Sada.

No século V os suevos establécense no noroeste peninsular permanecendo uns douscentos anos. Neste período, prodúcese a difusión do cristianismo, e xorde a necesidade de administrar as comunidades cristiás que se forman nas cidades e no mundo rural. Con este motivo, e imitando a organización territorial do Imperio Romano, créanse as dioceses. Dependían do arcebispado de Lugo ou do de Braga, e comprendían un número variable de parroquias; estas eran moito máis extensas que as actuais e incluían varias igrexas, que se encargaban de atender un número variable de aldeas. A fins do século XII, as parroquias convértense nun territorio máis reducido e cada igrexa asume a súa función destas novas áreas. E conveniente aclarar que a xeomorfoloxía inflúe de xeito determinante na concreción do ámbito da parroquia.

Esta última transformación é a que interesa identificar e analizar; ademais da súa función relixiosa, a parroquia constitúe un marco de convivencia fundamental para a comunidade campesiña (desenrolo de actividades económicas – produtivas e mercantís-, cívicas e relixiosas). A igrexa eríxese como o centro de organización social e, ademais, cada parroquia ten un territorio e un patrimonio propios, que xeralmente é un conxunto de montes explotados de forma colectiva.

Antes de iniciar a descrición máis polo miúdo das parroquias do concello de Sada, convén aclarar que a excesiva transformación do territorio levada a cabo nos últimos anos provocou a desaparición de boa parte da traza nos asentamentos tradicionais. A falla de datos obriga, nestes casos, a elaborar hipóteses a partir da análise dos planos de información aportados.


Como xa quedou dito anteriormente, é moi importante a relación existente entre a parroquia e o seu entorno; o estudo que se fai a continuación destes ámbitos en Sada vincúlase ás unidades de relevo que os definen:

- Ámbito das concas do Soutilo e do Fraga e costa norte. Parroquia de Veigue.
- Ámbito da conca da Requeira, subconca alta e media do Riovao e franxa costeira nordeste. Parroquia de Carnoedo.
- Ámbito da subconca alta e media do Fontoira e elevacións ó oeste. Parroquias de Meirás, Mondego e Mosteirón.
- Ámbito da subconca do Seixeda, conca alta do San Pedro e pico do Coto. Parroquias de Osedo e Mosteirón.
- Ámbito das subconcas baixas do Riovao e Fontoira, conca baixa do Maior e val costeiro aberto á Ría de Betanzos (embocadura do Rego Maior). Parroquia de Sada.

2.1.1. Veigue: As concas do Soutilo e do Fraga e a costa norte

A parroquia de Veigue sitúase ó noroeste e ten a menor densidade de todo o municipio. A súa superficie está formada principalmente polos vales que orixinan dous regos (o de Soutilo e o de regato de Fraga) que verten ó mar, así como tamén polos seus afluentes. A máxima cota que acada está en torno ós 135m., e a franxa costeira dispón de dúas praias areosas: a praia de Cirro e a de San Pedro.

O seu límite ven definido pola costa ó norte e o límite municipal ó este, ata chegar á dorsal do monte da Besta; unha vez no cumio e por outra pequena dorsal, a división busca un porto entre os montes das Monxas, o de Lácere e o de Taibó. Os puntos máis altos desta última elevación e a dorsal que morre no mar na Punta Gavoteira definen o último contorno da parroquia.



Casal en San Pedro (Veigue) na actualidade



Estrutura rural da parroquia de Carnoedo en 1956; distínguense os tres focos principais de O Chan da Aldea, Taibó e Souto

A parroquia vese illada do resto do concello por unha extensa área de borde, identificada pola súa altitude no interior e pendente na costa, que remata no mar en forma de praia entre acusados cantís. A confluencia destas dúas características na orografía, non axeitadas para o cultivo, fan que o uso forestal se estenda dende a beira do mar ata as máximas altitudes.

A forte pendente cara ó mar fai que o val do Rego de Soutilo non sexa aproveitado pola súa mellor orientación como lugar de asentamento. O núcleo tradicional aparece concentrado no tramo medio dunha dorsal; posiblemente xurdiu en torno a unha vía que, procedente da costa do concello de Oleiros e cruzando a parroquia de Carnoedo, finalizaba na vila de Sada. En Chan da Aldea, unha bifurcación comunica Veigue coa parroquia máis próxima ó sur, Meirás; en torno a este desvío e nunha cota máis alta localízase O Quintán.

Dende os núcleos xorde (e isto é común en maior ou menor medida a todas as parroquias) un viario de comunicación cos lugares e casais. Estes últimos son explotacións illadas constituídas por poucas casas, que forman o hábitat disperso orixinado a partir do século XI, cando un aumento de poboación provoca a busca de novas terras de labor, que se gañan ó bosque (co conseguinte aumento, tamén, dos núcleos tradicionais).

As terras de cultivo rodean o núcleo e esténdense por toda a súa fronte ata o mar; o asentamento posúe deste xeito un control sobre a costa e os labradíos.

2.1.2. Carnoedo: A conca da Regueira, a subconca alta e media do Riovao e a franxa costeira


Asentada ó nordeste, é a parroquia con maior superficie e posúe boa orientación en xeral. Dúas concas fluviais, cuxos regos embocan en direccións opostas, definen a parte máis interior do ámbito; a franxa costeira, abrupta e exposta, protexe polo noroeste o resto do ámbito costeiro. Non presenta maiores picos de altitude que Veigue.

Os montes de Taibó e Lácere constitúen os límites coas parroquias de Veigue e Mondego, respectivamente. Pero, se ben no primeiro caso, é a propia dorsal a que establece de forma continua a delimitación, no segundo a división percorre a faldra, deixando a dorsal dentro da parroquia ata que a continúa en puntos de menor cota. Nun pico onde sube un pouco a altura, o límite cambia de dirección, cruza o Rego de Riovao e busca unirse con outro cumio. A través doutra dorsal alcánzase ó mar, á altura da Pena da Herba.

Carnoedo comparte con Veigue unha zona de borde costeira apenas antropizada, composta de dúas concas hidrográficas separadas por unha dorsal. Estas dúas vertentes forman no mar unha cornixa costeira de cantís.

A parroquia presenta unha estrutura singular, con tres núcleos maiores separados entre si que artellan o resto dos núcleos e as agras. Deste xeito, O Chan da Aldea, Taibó e Souto se localizan en inmediata proximidade ás fontes (Souto nun val), en lugares onde as suaves pendentes permiten facerse con amplas superficies de labradío, que se distribúen en torno a estes núcleos. Parte dos outros asentamentos, como A Pedreira ou Campo da Cruz, non participan do espazo do val do Riovao, xa que se asentan nas abas que asoman ó mar.

A observación do trazado viario permite definir cada un destes asentamentos como un conxunto de aneis entrelazados, que xerarquizan o acceso ás veigas e ó monte (situado nas cotas máis elevadas). Esta multiplicidade viaria probablemente favorece a comunicación desta parroquia coas veciñas: unha extensa rede de camiños conecta os núcleos maiores, os menores, os lugares e os casais. A análise dos planos incita a pensar que, debido á proximidade dos núcleos entre si e a situación intermedia das agras, non existe unha xerarquía viaria destacada, todas se usan decote. A comunicación co núcleo de Sada prodúcese a través dunha vía radial que procede de Veigue.



Construción orixinal en ruínas en Muíño do Vento, Meirás



Vivendas tradicionais en Ameixeiral, Mondego



Edificacións orixinais en Machado, Mosteirón

2.1.3. As parroquias da subconca alta e media do Fontoira: Meirás, Mondego e Mosteirón

Ocupando o centro e este do concello, é este un ámbito que non ten saída ó mar; a meirande parte da superficie está ocupada polo val que forma o Regato de Fontoira e os seus afluentes. Este regato desemboca noutro que verte ó mar, o Rego Maior.

O tramo máis alto do val do Regato de Fontoira caracteriza a parroquia de Mondego. Esta define, xunto con Mosteirón, unha posición central dentro do municipio. Comparte con Carnoedo o límite no tramo dos montes de Lácere e Illós, e con Veigue o paso polo porto; ó oeste o ámbito busca, subindo a ladeira, o punto máis alto do pico dos Castros, para despois baixa e percorrer un regato ata alcanzar e continuar o Fontoira. O último tramo discorre pola aba do Monte dos Cotos ata chegar á cota superior. No tocante á posición respecto ó asollamento, salienta que Mondego e Carnoedo son as freguesías que mellor orientación teñen na súa superficie.


Mosteirón, parroquia coa menor superficie e poboación do municipio, tamén ven definida por outro val; linda con Mondego no treito do curso fluvial e, continuando a ladeira do monte das Cañotas, baixa pola dorsal da elevación do Carballal ata abrazala no seu pé e acadar o seu cumio.

O límite municipal no seu tramo máis elevado define a parroquia de Meirás ó oeste; desde os montes da Besta e Cartagazas, a orografía ascende no Monte das Monxas e no Bosque dos Condes. O monte das Cañotas introdúcese no ámbito ata atopar o linde con Mosteirón; Mondego constitúe o límite ó nordeste e Veigue ó norte. Esta parroquia presenta diferenzas con respecto ás citadas ata aquí, xa que a presenza dos vales fluviais é máis escasa por mor da altitude na que se atopa; as abas dos montes son os espazos que este ámbito ofrece para os seus asentamentos. Das tres parroquias, é en Meirás onde se acada a máxima altura deste ámbito, no alto do Muíño de Vento (167.83m).

Mondego e Mosteirón están vinculadas entre si polos vales que forman o Regato de Fontoira e os seus afluentes, onde se concentran a meirande parte dos seus asentamentos, como Ameixeiral, Fortiñón, Carta e Quintán. O relevo pronunciado da terceira parroquia deste ámbito parece un factor decisivo para que, dentro da mesma conca, estas dúas freguesías se relacionen máis estreitamente entre si; este continuo vese reforzado no período de transición ó longo da vía que as conecta.

Os núcleos de Meirás localízanse principalmente na faldra que se inserta entre os vales antes citados, en sentido da aba e, tamén, na baixada pola dorsal; isto pode explicar un viario no que predomina a lonxitude e, polo tanto a continuidade do asentamento: Piñeiro, Torrón, Tumbadoiro e Cimás. Prodúcese o caso dun núcleo illado nun pico, Muíño do Vento e doutro que mira para o concello de Oleiros, Os Tornos.

A agra en Meirás segue o mesmo esquema dos asentamentos: paralela á ladeira e entre os regos; en Mondego e Mosteirón os agros rodean os asentamentos e esténdense polo territorio.



Vivendas históricas na DP-0812 en O Castro (Osedo)



Construcións tradicionais con forno en Alborelle (Soñeiro)

2.1.4. As parroquias da subconca do Seixeda: Osedo e Soñeiro

Situado ó sur do municipio, o val que forma o Rego de Seixeda e os seus tributarios ocupa a parte central do ámbito; o espazo ó redor da subconca corresponde a outros vales cuxos percorridos fluviais embocan dentro e fora do concello. Este ámbito carece, coma o anterior, de saída ó mar.

A parroquia de Osedo comprende a subconca media e baixa do Seixeda, ademais dunha porción da subconca do Fontoira ó norte e outra correspondente á conca do Maior ó este. É a parroquia que presenta maior variedade orográfica, posuíndo o segundo pico máis alto do municipio, Castelo (168.90m). O ámbito da parroquia ven delimitado ó norte por Mondego, Mosteirón e Meirás. Ó este, o límite do concello establece a fin durante un pequeno treito, ata acadar o rego que cruza os montes da Costa de Tepe e da Revolta; ó chegar ó monte da Solera, o límite da parroquia atópase de novo co municipal. No encontro do Rego do Casal co Rego Maior, continúa este último un pequeno tramo ata comezar a subida pola ladeira da Costa do Castro e chegar ó Rego de Seixeda.

A zona máis alta de catro concas hidrográficas que xorden do punto de maior altitude de Sada, O Coto (171.35m), definen a parroquia de Soñeiro. A superficie ó norte e oeste caracterízase por ser inicio de val, mentres que polo sur e noroeste localízanse as áreas máis elevadas. A parroquia está definida polo límite municipal e o linde con Osedo.


Os asentamentos deste ámbito ocupan diversas posicións xa vistas. A maioría aparecen dispostos en ladeira, coma Castelo, Campo do Sar ou As Valías; o caso de Osedo, Seixeda ou Xan Amigo é a de localización entre vales. Mandín e Costa teñen o seu sitio nun porto entre elevacións e O Castro se ubica nunha dorsal desde a que se domina os vales dos regos Seixeda e Maior.

A orientación non é a mellor en tódolos casos, e o labradío continúa as trazas do resto do municipio, agás nas zonas de moita pendente, onde aparece o uso forestal.

Tres viarios percorren lonxitudinalmente o ámbito de este a oeste; a parroquia de Osedo artículase en torno á máis setentrional, mentres que Soñeiro o fai nas dúas restantes. Outras tres vías cosen as anteriores, facilitando a comunicación dentro do ámbito.



A DP-5813 ó seu paso por Osedo e Seixeda (Osedo); á dereita, o núcleo de Samoedo (Sada)



Imaxe do núcleo de Sada en 1956; a etapa de transición absorbe o núcleo tradicional de Sada de Area (actual barrio de A Tenencia) e expándese polo viario que leva a Mondego (parte baixa da foto)

2.1.5. Sada: subconcas baixas do Ríovao e Fontoira, conca baixa do Maior e val costeiro aberto á Ría de Betanzos


Ubicada ó este do concello, a última parroquia acolle a capital municipal (Sada); posúe, debido a isto, a maior densidade e o maior número de poboación do mesmo. Trátase dun ámbito de transición entre as bocaribeiras de varios cursos fluviais e a costa; nesta confluencia de canles convén destacar a presenza dunha braña de grande valor ambiental. A franxa costeira presenta dúas áreas ben diferenciadas: a metade norte, non moi accidentada pero si acantilada, e a metade sur, onde o Río Maior acada o mar formando unha zona baixa areosa.

Ademais da costa, a parroquia limita con Carnoedo, Mondego e Osedo.


Nas dorsais norte e noroeste que se introducen na parroquia de Sada localízanse os núcleos de Samoedo e Pazos; o resto dos asentamentos que non pertencen á costa, como O Tarabelo, Riovao ou Sada de Arriba atópanse no val, en torno ós regos. O núcleo de Sada posúe dous núcleos orixinais, Fontán (ó norte, e no que tradicionalmente se abrigaban as embarcacións) e Sada de Area (actualmente A Tenencia, barrio cuxos poboadores eran pescadores e labradores), na desembocadura do Rego Maior. Xunto a esta última, prodúcese un importante desenvolvemento durante o período de transición, en torno ó viario de acceso (ata Riovao) e na outra beira da embocadura.

A agra esténdese igualmente polo interior e pola costa, respectando o espazo das brañas.

Múltiples vías radiais chegan a Sada procedentes do resto do municipio: dúas desde as dorsais antes citadas, unha terceira entre canles fluviais que leva ata o núcleo tradicional e un pequeno tramo ó surdeste, que conecta co concello de Bergondo.



2.2. MORFOLOXÍA DOS ASENTAMENTOS ORIXINAIS. A UTILIZACIÓN DO SOLO PRODUTIVO OU DE SUSTENTO.



Viario concéntrico e camiños nos núcleos orixinais (vermello) destacados da rede viaria actual.

Existen determinados aspectos xa mencionados que cómpre desenrolar a nivel xeral, coa fin de proporcionar unha imaxe conxunta do municipio, como son a morfoloxía dos asentamentos orixinais, as relacións entre estes e as redes de camiños e o uso tradicional do solo.

Os asentamentos do municipio de Sada non presentan morfoloxías moi variadas, xa que é un concello de pequena extensión, cun relevo suave e sen grandes cambios; estes serán os que provocarán as diferenzas. Así, dentro das zonas máis altas do concello, con predominio das superficies cóncavas, hai dous tipos de poboamentos, segundo a posición que ocupen na dorsal e a súa proximidade co litoral: un deles é concentrado, situado no extremo superior da dorsal, sen ocupar as cotas máis altas (Muíño do Vento en Meirás, A Fraga en Osedo); dentro desta estrutura agrupada obsérvase maior densidade no entorno da costa: Chan da Aldea (Veigue), O Chan da Aldea e Taibó (Carnoedo), Pazos e Sada de Arriba (Sada) ou O Castro (Osedo).

A outra ocupación prodúcese ó longo das dorsais, definindo unha estrutura lineal de asentamento, xeralmente en torno á unha única vía; é o caso de Cimás (Meirás), Campo de Sar (Soñeiro), Seixeda (Osedo), o extremo noroeste de Samoedo e O Tarabelo (Sada). Tamén aparecen asentamentos concentrados que abrazan as abas das elevacións, como os núcleos costeiros de Campo da Cruz e A Pedreira (Carnoedo) e a marxe este de Samoedo (Sada).


As formas convexas das montañas interiores do concello acollen poboamentos de estrutura lineal nas súas ladeiras, con características diferentes ós anteriores, pois búscase recollemento cara ó val en lugar de unha expansión cara ó litoral, como sucede no conxunto polinuclear de Piñeiro-Torrón-Tumbadoiro en Meirás. Destacar, por último, os asentamentos nos vales, de estrutura dispersa, favorecida esta expansión pola suavidade da topografía; como exemplos, Fortiñón e Ameixeiral en Mondego e Machado e A Esperela en Mosteirón.

Fontán e Sada de Area (barrio de A Tenencia) son núcleos que obedecen á mesma condición de asentamentos costeiros concentrados, se ben as súas condicións topográficas son diferentes: no primeiro caso, un cantil constitúe a base e, no outro, a localización ofrece a embocadura dun río nun entorno de brañas.

Comentar finalmente que estas estruturas de poboamento non só se dan de forma individualizada, ás veces combínanse constituíndo interesantes cruces de camiños ou conxuntos ricos pola súa complexidade, servindo como exemplo a diversidade existente dentro da parroquia de Carnoedo. Facer referencia, ademais, á posición da vivenda nos asentamentos: sitúanse en torno ós viarios, separadas polo espazo da horta no caso dos asentamentos lineais ou dispersos, e acaroadas nos poboamentos concentrados, coa horta ocupando a traseira. Como xa se relatou en parágrafos anteriores, o labrantío sitúase en torno ós asentamentos.


Por outro lado e observando, dende unha escala maior, a relación entre a rede viaria actual e os núcleos orixinais, apréciase que a distribución destes dentro do concello coincide co desenrolo da orografía: desde o foco máis deprimido que constitúe a desembocadura das vertentes no mar, os asentamentos artículanse de forma concéntrica en torno a este centro. A estrutura viaria reflicte esta organización, xa que no viario actual se pode distinguir unha distribución en anel do viario, que relaciona os núcleos tradicionais deste xeito; unha indefinida estrutura radial irá xurdindo como consecuencia das futuras relacións entre os núcleos e cos concellos limítrofes.

No tocante ó uso non residencial do municipio, o estudo da estrutura da propiedade aporta información sobre o aproveitamento se lle dá ó territorio. Da observación do plano catastral de Sada destaca o predominio de dúas formas de propiedade: unha de grande extensión e outra de tipo minifundista ou moi fragmentada. A primeira localízase en áreas interiores de monte ou zonas de val moi húmidas ou de brañas; a segunda obedece ó uso agrícola de autoabastecemento, o principal do concello, e que explica o seu desenrolo en torno ós núcleos orixinais. As excepcións ó comentado responden á adaptación desta estrutura tradicional á topografía: nas chairas a proporción tende ó cadrado ou a unha forma máis libre, e nos terreos inclinados as pezas adquiren unha forma rectangular, co lado maior na dirección da pendente. Isto explica a diferenza existente entre o parcelario agrícola das parroquias de Carnoedo e Veigue con respecto as do resto do municipio.




Outros aproveitamentos que se dan neste período en Sada son o forestal, o gandeiro e o pesqueiro. De forma xeral, os usos están condicionados dun xeito determinante por elementos físicos como o relevo, a edafoloxía, a presenza de auga ou o clima. A distribución destes usos no territorio procede da herdanza dun sistema de organización rural que acadou un alto grao de racionalidade, ó aproveitar a potencialidade do entorno mantendo o principio de adaptación orgánica.


A orientación non é un problema no municipio, debido á amabilidade do clima, á suave topografía e ós escasos accidentes do relevo que poidan ocasionar prexuízo algún.



A topografía en relación co parcelario. Este último conserva, en grande medida, a estrutura tradicional.



Asentamentos orixinais (vermello) en relación co parcelario actual. Ó redor dos núcleos desenrolábase o uso agrícola, que practicamente colonizaba todo o municipio. Destácanse en verde as zonas de bosque.




3. A ESTRUCTURA DE ASENTAMENTO ACTUAL




20

3 A ESTRUCTURA DE ASENTAMENTO ACTUAL



3.1. A HERDANZA DA ESTRUTURA RURAL



Finais século XIX e primeiro terzo do XX: O período de transición (en cor destacada) continúa a estrutura rural, consolidando o asentamento orixinal ou estendéndose ó longo do viario que conecta os núcleos poboacionais

A paisaxe rural galega e do norte portugués de finais do século XIII está formada por unha rede de poboamento densa onde a aldea constitúe o elemento principal, complementado pola presenza de asentamentos máis dispersos. O desenvolvemento dos núcleos urbanos vese favorecido a partir do século XII, época na que se produce un importante incremento da poboación e da produción agraria, así como unha certa recuperación do comercio. Nos últimos séculos da Idade Media, Galicia introdúcese nos circuitos comerciais que unen os centros de actividade económica de Italia e o Mar do Norte; isto implica beneficios para as cidades galegas costeiras, que exportan principalmente viño do país e peixe salgado e seco.

Durante os séculos modernos (XVI, XVII e XVIII) a poboación galega segue sendo maioritariamente rural: a mediados do XVIII, os habitantes das principais cidades galegas apenas constitúen o 4% da poboación total. O feito destacable que se produce neste período (e non de forma continua) é un grande crecemento demográfico, que provoca unha maior ocupación do territorio. Establízase a colonización do espazo e fíxase a paisaxe agrícola rural que chega ata o século XX.


A vila de Sada é coñecida, no século XVII, pola fabricación de panos de la, así como de aparellos de cordame e velas; isto implica unha importante expansión comercial e crecemento demográfico, ademais dunha sobresaínte actividade mercantil e portuario. Este último ven dado pola pesca en xeral e, sobre todo, pola ampla industria do salgado (cuxas fábricas se atopan, principalmente, no núcleo de Fontán).

Esta situación favorece a aparición dos denominados “pazos” e “casas grandes” en torno os séculos XVIII e XIX, nalgúns casos con importantes extensións de fincas ó redor que (como sucede no caso de Sada) repercutirán no desenvolvemento posterior dos núcleos.

No século XIX e boa parte do XX (etapa preindustrial), a poboación continúa medrando e a vivindo maioritariamente do campo e en aldeas; o papel da cidade é limitado ata a década de 1960. A ruptura do equilibrio entre poboación e recursos desemboca na aparición do fenómeno migratorio, que supón a saída de máis dun millón douscentos cincuenta mil galegos entre 1860 e 1970.

O regreso temporal ou definitivo desta emigración, e o xurdimento dunha nova clase social, a burguesía, provoca importantes cambios no territorio e na cultura galegos nos anos finais do século XIX e no primeiro tercio do XX (denominado “período de transición”). Parte destas transformacións tradúcense na reforma das vivendas rurais dos propios emigrantes e en novas construcións en torno ós camiños que comunican cos casais e lugares. A principios do século XX, as cidades principais comezan a ter máis notoriedade, e o viario se constitúe como estrutura xerarquizada de relación coas urbes. Sobre estas vías predominantes, pero mantendo a estrutura parcelaria rural herdada, se apoian agora as novas vivendas de transición.

Neste período o concello de Sada desenrólase do modo descrito, sen ver incrementada de forma importante a superficie dos seus asentamentos, debido ó forte movemento migratorio que padece. Si merece a pena destacar a evolución do núcleo de Sada nesta época, expansión que se leva a cabo no contorno areoso do litoral, sobre todo na marxe dereita da desembocadura, e ó longo de todo o viario que comunica Sada con Mondego.





3.2. NOVAS FORMAS DE ASENTAMENTO RESIDENCIAL

A partir de 1960, o desenvolvemento industrial en Vigo e A Coruña fai que estes se transformen en polos de atracción; isto provoca, en xeral, o aumento da poboación nas cidades galegas máis próximas, en detrimento dos asentamentos rurais. A consecuencia máis grave desta tendencia está no abandono progresivo do interior da comunidade galega.

Co tempo, a cidade de A Coruña defínese coma unha área urbana densa de perfil terciario; dos tres concellos que a limitan, Culleredo xorde como núcleo industrial (derivado na actualidade cara o uso residencial e terciario), Arteixo consolídase máis tarde como área obreiro-industrial, o mesmo que Oleiros, pero este con obxectivos turísticos-residenciais. Os municipios de Sada e Cambre incorpóranse máis recentemente ó proceso metropolitano, estando caracterizados polo predominio da función terciaria e residencial.



O porto e os cantóns de A Coruña nos anos 1970 e 1986, respectivamente; dende o desenvolvemento industrial comezado nos anos 60, a cidade transfórmasse nunha área urbana de perfil terciario



Na segunda metade do século XX prodúcese un importante crecemento no municipio de Sada, onde se poden destacar tres formas de crecemento: ordenado (marrón claro), desordenado (marrón escuro) e actuacións conxuntas (vermello)

Nos anos 80 aparecen novas tendencias de ocupación do territorio; xunto co aumento das vilas (en forma de urbanismo concentrado), aparece o fenómeno da periurbanización, ou desenvolvemento no entorno do asentamento tradicional. Mentres que, co paso do tempo, as cidades moderan o seu ritmo de crecemento, as áreas do seu contorno rexistran un aumento de poboación. Xérase, en definitiva, unha paulatina substitución da cidade clásica, compacta, por outra máis extensa e de contornos difusos. A cidade central propaga a súa influencia a lugares cada vez máis distantes, nos que se constrúen novas vivendas, industrias e servizos. Xorden así as áreas metropolitanas, onde a reorganización do espazo convértese nun asunto prioritario.


Este importante aumento do territorio construído prodúcese sen unha planificación previa, cunha estrutura parcelaria herdada do modelo rural. Sobre este soporte, ségréganse parcelas, érguense edificacións e urbanizacións de baixa densidade; convén salientar que a profusión destas actuacións acolle o obxectivo dun beneficio económico particular. Segundas residencias que, en moitos dos casos, tornan en vivenda permanente, constitúen a maior ocupación do territorio; ademais, este vese salpicado de almacéns, talleres e polígonos con actividades industriais.

A imaxe que ofrece esta situación é a dunha continuidade confusa, onde as aldeas e as antigas agras mestúranse caoticamente cos novos espazos urbanizados dando lugar ao territorio “rururbano”.

O concello de Sada sofre esta realidade; nos derradeiros trinta anos duplica a súa poboación, con consecuencias pouco favorables para o medio. Este aumento tradúcese, no mundo rural, nun crecemento disperso de baixa densidade, ordenado en torno á estrutura principal viaria e en prolongación do asentamento tradicional nuns casos, ou formando grupos desestruturados con accesos deficientes noutros. A análise pormenorizada desta situación permitirá expoñer o que acontece en cada parroquia.



De esquerda a dereita, o continuo entre os concellos de Oleiros e Sada, á altura da parroquia de Soñeiro; no límite entre estes municipios (onde se observan as obras da futura Vía Ártabra), apréciase a tensión que provoca a proximidade da cidade de A Coruña. Á dereita, cara a Bergondo (último terzo da foto), advírtese unha menor transformación no entorno rural



Veigue: a vía que discorre pola costa en Cirro; ó fondo, o monte de Taibó, detrás do cal localízase a parroquia de Carnoedo



Vista actual do núcleo de Taibó desde a DP-7504 ó seu paso por Agra (Carnoedo)



As fortes pendentes existentes en Meirás non impiden que núcleos como Souto da Igrexa experimenten importantes crecementos

Ó remate da segunda metade do século XX, Santa Comba de Veigue presenta un poboamento asentado en torno a tres vías: a AC-163, a DP-5815 e unha estrada municipal. O desenvolvemento posterior obedece ás favorables características da franxa costeira neste tramo, coa presenza de dúas praias protexidas dos ventos, así como ó relevo ascendente ó sur e leste. Un crecemento ordenado colma os espazos baleiros do asentamento existente e espállase cara á costa por Cirro, Souto e San Pedro; paralela a esta, un viario acolle un continuo de edificacións con usos diferentes ó residencial, como o hoteleiro e hostaleiro. Chamar a atención sobre a existencia de dous campamentos, os únicos do concello, indicadores (xunto cos usos anteriores citados) das boas condicións do lugar como destino estival. Nesta franxa localízanse, ademais, a maior parte das actuacións conxuntas da parroquia, destacando o plan parcial SAU-3 “Praia de San Pedro” pola súa extensión e posición privilexiada, na costa, xunto ó acceso á praia do mesmo nome.

As bolsas residenciais inconexas ocupan parcelas nos terreos que caen ó mar e a parte da costa que queda libre, impedindo o acceso á mesma.

A expansión de Carnoedo está condicionada pola barreira que constitúe o monte de Taibó ó norte e noroeste e polo foco de atracción que constitúe o núcleo de Sada. O asentamento polinuclear orixinal, xunto co seu desenvolvemento de transición (tamén polinuclear: O Carballo, Fonte Grande e Campo das Mantas) comunícase con Taibó pola DP-7504 (ó seu paso por Agra) e con Souto a través dunha vía local e da DP-7503. Á súa vez, o núcleo de Taibó é atravesado pola AC-163 e Souto pola mesma DP-7503.


O crecemento da parroquia prodúcese principalmente ó longo de dúas estradas que se apoian en cadansúa dorsal e entre as que discorre o Rego de Riovao: a citada AC-163, que dende Veigue chega a Sada pasando por Fontán, e a DP-7509 que discorre tanxencialmente a A Lamela e Souto (co mesmo destino que a anterior, pero a través de Beloi e Riovao). As condicións expostas e a forte pendente do litoral impiden que a costa sexa un lugar adecuado para o asentamento.

San Martiño de Meirás ten o seu poboamento de principios do XX definido entre a DP-5812 e a DP-7508 (nun futuro próximo, a VG-1.3 tamén constituirá límite ó oeste); unha estrada municipal cruza transversalmente o asentamento ó seu paso por Souto da Igrexa e Cimás. Neste caso, a topografía non constitúe un obstáculo; se ben o lóxico parece que o desenvolvemento mire cara ó val, a influencia exercida polo concello de Oleiros como consecuencia da proximidade da cidade de A Coruña, xera unha tensión que leva á parroquia a colonizar practicamente todo o seu territorio (recordando que aquí se da a terceira cota máis alta do municipio, 167.83 m.). Deste modo, no entorno do viario citado prodúcese a consolidación dos asentamentos e a súa expansión (O Valo, O Pé do Muíño, Souto da Igrexa), e incluso camiños fora desta rede principal acaban converténdose en vertebradores do desenvolvemento (entorno de Muíño do Vento, Vilar, A Cañota).

A existencia de múltiples actuacións conxuntas evidencian a importancia actual de Meirás; destacan, xa pola súa superficie ou pola súa densidade, o SAUR-8 en O Valo, o SAU-9 en Souto da Igrexa e a urbanización “La Soleada”.

A tensión da que se fala propágase ó val por Mondego, a través da AC-183, que discorre polo val do Regato de Fontoira, pasando por Ameixeiral, Quintán e A Granxa; en menor medida, tamén se espalla a Mosteirón (polo viario municipal procedente de Meirás, de camiño á Esperela e a Machado). Estas dúas comunicacións converxen na vía principal de acceso ó núcleo de Sada, se ben a estrada local, que xa recolleu o C.E.I.P. e I.E.S. “O Mosteirón”, cruza a vía provincial para subir unha dorsal á altura do C.E.I.P. “Pedro Barrié de la Maza” e unirse coa DP-7509 en Carnoedo.

Unha terceira vía sobre unha dorsal e procedente de Taibó, a estrada provincial DP-7504, corta transversalmente este dobre viario, cosendo a relación entre as dúas parroquias e tamén con Carnoedo. Ó longo desta vía, e entre os núcleos de Fortiñón, Carta, Souto Vello e Machado, prodúcese a evolución máis racional do ámbito; formalizándose un continuo de norte a centro do municipio.



A DP-7504 ó seu paso por Souto Vello (Mosteirón): evolución ordenada en torno á vía. Desde este punto e a ambas marxes, desenrólanse os núcleos de Mosteirón e Trasín. Ó fondo e elevada, a Urbanización Ameixeiral, en Mondego



A estrada provincial DP-5813 á altura de Osedo, en dirección a Sada



Soñeiro: desde o núcleo de Coiro distínguense as actuacións urbanísticas en Os Cabidos, no límite co municipio de Oleiros

Outros crecementos parecen estar vinculados a grandes propiedades (pazo de Trasín, pazo de Meirás, casa “Barrié de la Maza”, convento das *Siervas de María*), á presenza dos centros educativos e do cemiterio. Isto explica que os desenrols en Ameixeiral, Trasín, Mosteirón, A Esperela, Vertín ou A Granxa non sempre presenten a localización máis idónea en aspectos de pendentes ou orientacións, por non mencionar a necesidade dunha lóxica e simplicidade viaria nalgúns casos.

No caso concreto de Mondego, destacar a presenza de dúas actuacións conxuntas de relevancia: o plan parcial SAU-10 “Fortiñón” pola súa dimensión, e a “Urbanización Ameixeiral” (desenrolada a partir dun estudo de detalle) polo contraste que implica a súa densidade. Estas intervencións, e outras de menor alcance pero numerosas, evidencian a importancia desta parroquia dentro do concello; a próxima incorporación dun centro de día e dunha escola infantil así o ratifica.

Desprazando a análise máis ó sur, San Xián de Osedo estende os seus asentamentos tradicionais principalmente ó longo da DP-5813 (Castelo, O Seixo, Osedo, Seixeda). Con orixe no municipio de Oleiros e destino na AC-183 en O Tarabelo, é unha vía que se asenta entre as abas do pico de O Coto e o pé do monte de O Castro. Con referencia ó núcleo que se asenta nesta última elevación e do mesmo nome, o exame farase máis adiante, en conxunto co núcleo de Samoedo, pertencente a Sada.


Así, a situación que se produce na estrada DP-5813 é variable a medida que esta se introduce no concello. Dende o extremo do límite municipal, o núcleo orixinal de Castelo vese fortemente influído pola tensión existente entre Oleiros e a parroquia de Meirás; a repercusión tradúcese nun activo desenrolo ó norte (coñecido como O Casteliño), flanqueado pola estrada DP-7508 e a finca do convento das *Siervas de María*, e que pretende a conexión co núcleo de Osedo. Ó este, a expansión completa o entorno da DP-5813 ata os seguintes núcleos existentes; o crecemento disperso e disgregado ó sur ten como referencia as estradas DP-7505 e DP-7507, mentres que as bolsas entre A Fraga e Torrente xurdirían como febles consecuencias deste auxe construtivo.

A complexidade que supón a descrición da estrutura viaria de San Xián de Soñeiro en relación cos seus asentamentos tradicionais, resulta indicativa da situación da parroquia na actualidade; Mandín e parte do núcleo de Costa aséntanse en torno á AC-182, mentres que a outra parte e Alborelle desenrólanse por unha estrada municipal (con destino ó concello de Bergondo). Ó sur, a N-VI divide os núcleos de Coiro e Espírito Santo, recollendo parte do polígono industrial do mesmo nome. A estrada provincial DP-7505 sostén o desenrolo de Campo de Sar ata o seu encontro con Costa.

A evolución da parroquia obedece a tres situacións diferentes: consolidación dos núcleos tradicionais (Mandín, Costa e Alborelle), crecemento masivo no encontro co municipio oleirense, na zona denominada Os Cabidos (e onde se localizan un total de sete actuacións conxuntas, dúas delas de grande entidade) e expansión do núcleo de Coiro no seu encontro con Costa. Ademais, existen bolsas residencias sen continuación coa trama viaria principal.

Antes de comezar coa parroquia de Sada, convén amosar a situación de tres poboamentos que, pertencentes a diferentes freguesías, desenvólvense conxuntamente debido á súa posición. En Osedo, o núcleo de O Castro, e en Sada, Samoedo e As Corredoiras, aséntanse, respectivamente, no Monte do Castro e nas abas do Monte do Sabio.

O Castro desenrólase ó longo da DP-0812, que discorre pola dorsal do monte; o seu crecemento, condicionado pola encosta, reforza o núcleo, apuntando algunha expansión cara a Bergondo e Samoedo. Este último e As Corredoiras están separados entre si pola forte pendente existente a media ladeira; Samoedo transcorre pola DP-7501 continuando a dorsal ata chegar a Tarabelo de Abaixo. As Corredoiras ten a particularidade de relacionarse tanxencialmente cos asentamentos inmediatos a través da DP-0812 e dun viario local. A expansión que se desenrola en torno a estes dous viarios (como consecuencia da proximidade ó núcleo principal do concello) acaba unindo estes dous poboamentos sadenses. A continuidade cara ó espazo urbano pola estrada provincial establécese a través dun crecemento aínda disperso e de baixa densidade, ata o punto de inflexión e articulación que constitúe unha extensa área de uso dotacional: o complexo deportivo municipal de Cantalarrana na marxe esquerda, e o I.E.S. “Isaac Díaz Pardo” mais as instalacións deportivas privadas da Sociedade Recreativa, Cultural e Deportiva, na beira dereita da vía.



Os primeiros edificios na AC-183, no lugar de A Chaburra, que evidencian a chegada ó núcleo urbano de Sada



Vista do núcleo de Fontán desde o porto pesqueiro



Encontro entre o núcleo tradicional de Sada de Arriba e o tecido urbano ó fondo

A situación arriba relatada pon de manifesto a complexidade da parroquia de Santa María de Sada ó tratarse dunha cabeza de municipio; o seu bordo constitúe o espazo de encontro entre o mundo rural e o urbano. E sucede que, na segunda metade do século XX, a superficie chá da franxa costeira xa está ocupada, co que parte das zonas deste borde e case todo o crecemento posterior do núcleo desenvolveranse en áreas de forte pendente.

En continuidade co estudo da área de transición iniciada dous parágrafos antes, procédese coa descrición dos poboamentos que desembocan na vía principal de acceso á capital (a AC-183), á altura entre O Tarabelo de Arriba e Serra: polo norte, os asentamentos tradicionais de Beloi e Riovao apóianse sobre as estradas DP-7503 e DP-7509, vías que transcorren entre os montes do Alexandre e dos Cotos, e que na actualidade amosan un desenrolo continuo dende a parroquia de Carnoedo. Ó sur, o polígono comercial de O Tarabelo interrompe a continuidade na DP-5813 entre os núcleos de Seixeda e O Tarabelo. Á esquerda deste último, pódese observar un amplo desenrolo nunha localización e cunha racionalidade estrutural discutibles, e á dereita, o espazo da braña.


A AC-183 presenta continuidade edificatoria xa desde o paso por Mondego e ata o seu destino; o tramo dende A Granxa ata Sada axústase lonxitudinalmente ó pé dos montes do Alexandre e dos Cotos, evitando as superficies da prebraña (entre A Granxa e Seixeda) e da propia braña. Unha vez deixa a parroquia de Mondego, o viario cruza os núcleos de O Tarabelo e Serra; a nivel da Chaburra pódese dicir que remata o contexto e a imaxe rural por este lado.

A terceira zona de borde sitúase ó norte e está fortemente condicionada pola topografía, o que fai que se desenvolva en torno a dúas vías paralelas á costa; unha delas é a DP-7506, que nace á altura de Loureiro na estrada autonómica AC-163 (procedente de Taibó). Esta vía percorre paralela á costa as faldas superiores dos montes das Naveiras e Alexandre, recollendo ó seu paso os núcleos orixinais de Pazos e de Sada de Arriba. No caso do primeiro, o desenrolo experimentado expande o poboamento polo viario e cara o monte dos Barrosos; prodúcese a continuación unha ocupación do tramo central entre os dous asentamentos, que mantén unha densidade baixa, destacando a presenza de dúas actuacións conxuntas que ocupan unha superficie significativa. En Sada de Arriba, a DP-7506 se bifurca: unha dirección leva ó monte do Alexandre e a outra afúndese inmediatamente no tecido urbano de alta densidade que se desenrola en torno á Avenida de Párroco Villanueva; esta remata na Avenida Pedro Barrié de la Maza (AC-183) que, desde A Chaburra, acolle parte do asentamento urbano de transición. O grande impacto visual que supón esta intervención entre os dous asentamentos tradicionais probablemente se deba ó desexo da proximidade da costa, condicionado pola forte pendente.

Situado a media aba, o camiño do Fiunchedo ten orixe en Sada de Arriba, concretamente na igrexa parroquial de Santa María de Sada, e remata ó chegar a Fontán; nas súas beiras, o crecemento presenta o contraste entre a edificación unifamiliar da marxe esquerda, que tamén acolle o cemiterio municipal, e a alternancia desta con densidades maiores na marxe litoral. Esta situación desaparece ó finalizar o camiño na AC-163, onde a alta densidade formalízase a ambos lados, e as actuacións conxuntas obedecen a requirimentos máis urbanos. Destaca o conxunto de vivendas “Virxe do Carme”.

No extremo sur apenas podemos falar de área de borde, xa que o tecido urbano practicamente acada o límite municipal; na marxe dereita da Avenida República Arxentina (AC-162, que rodea pola costa o monte Corbeiroa), sitúase o complexo xuvenil “As Mariñas”, compartido co concello de Bergondo, ademais dunha actuación conxunta de vivendas unifamiliares acaroadas. Ó outro lado, dúas grandes propiedades, unha delas coñecida como o Pazo de Santa Mariña, identifican o bordo, se ben actualmente o espazo intersticial está consolidado por bloques en altura sobre a ladeira.

Por outro lado, a DP-0813 recolle un tecido case urbano, que se perde ó cambiar de municipio.



A fachada norte do núcleo de Sada, que impide a visión do núcleo de Fontán



Vivendas mariñeiras no barrio de A Tenencia, acosado polo forte crecemento do núcleo

Unha vez definidas as áreas de borde do núcleo de Sada, falta por describir o que acontece, de norte a sur, na propia vila: accedendo á mesma pola DP-7506, Fontán, núcleo orixinal de pescadores, vese asolagado por crecementos de alta densidade que desvirtúan a súa estrutura tradicional, tamén na fachada ó porto pesqueiro. No percorrido pola mesma vía, advírtese un área con varias formas de poboamento: entre os espazos dun asentamento descontinuo de transición, alégnase sen orde a alta coa baixa densidade; esta aumenta ó achegarse á zona de equipamentos previa ó núcleo orixinal que constitúe o barrio da Tenencia.

A fronte que da ó porto deportivo caracterízase na actualidade pola presenza de bloques residenciais en altura que impiden a percepción do outeiro sobre o que se asenta esta parte da vila. O mesmo sucede co espazo en pendente que cae ó mar fronte a Sada de Arriba.

O conxunto tradicional do núcleo de Sada constitúe un freo para a ocupación da fachada da praia; por esta causa xéranse crecementos de alta densidade acaroados a esta fronte; é o caso do ámbito próximo ás Brañas e en continuidade co complexo dotacional de Cantalarrana mencionado antes, ou os contidos en torno á rúa da Lagoa (DP-0812), rúa da Braña, rúa Betanzos, á estrada Sada-Armuño (DP-0813) e á Avenida República Arxentina (AC-162), todas elas localizadas ó sur da vila nunha zona que posúe áreas de fortes pendentes e unha anhelada proximidade co mar.

Salientar a presenza de numerosas actuacións conxuntas de alta e baixa densidade (as menos) e de diversas características ó longo de toda a vila. Algunhas delas, como a U.E.I. 16 (na zona de contacto entre o barrio de pescadores e o núcleo de transición, na Praciña do Conde) e a U.E.I. 20 (preto do Pazo de Santa Mariña, na mesma marxe da estrada Sada-Armuño), son as intervencións que maior densidade aportan ó núcleo (entre 195 e 207 viv/ha).

Finalmente, observar que na trama viaria a xerarquía cambia; a relación concéntrica entre os asentamentos mantense, mentres cobran importancia cinco viarios que, dende o núcleo, comunican este cos concellos limítrofes percorrendo o municipio. De norte a sur:

- a DP-7509, Sada - Veigue - Lorbé - Mera,
- a AC-183, Sada - Meirás - Santa Cruz,
- a DP-5813, Sada - Osedo - A Coruña,
- a DP-0812, Sada - O Castro - Soñeiro - Cambre,
- a AC-182, Sada - Bergondo.



3.3 AS ÁREAS INDUSTRIAIS



Portos pesqueiro e deportivo en Sada



Polígono comercial e loxístico en Coiro (Soñeiro)



Polígono industrial no Espírito Santo (Soñeiro)

O concello de Sada non ve moi influenciado o seu crecemento polo desenvolvemento industrial; a súa área máis importante neste sentido, o polígono industrial do Espírito Santo, en Soñeiro, sitúase no extremo sur do municipio. Este polígono, de alcance metropolitano, abarca unha extensión moito maior, que se estende polos concellos de Cambre e Bergondo.

A formalización deste asentamento industrial en Sada ven condicionado por tres factores:



- a estrutura viaria; a estrada N-VI (Madrid-A Coruña) ofrece dúas alternativas ó seu paso polo núcleo de Espírito Santo: unha vía municipal ó sur que leva a Bergondo e, ó norte, a autonómica AC-182 que, desde unha cota elevada, percorre a dorsal que cae cara ó asentamento principal de Soñeiro. Esta última vía, ademais, ofrece un desvío pouco despois do seu comezo (a DP-0812), que busca comunicar co poboamento de O Castro (Osedo); este núcleo atópase nunha posición moi elevada con respecto ó val do Rego de Seixeda, e por iso a estrada provincial desvíase da dorsal que lle levaría a dita depresión.
- medio físico; dende o punto de vista topográfico, é o lugar máis elevado do municipio, e presenta áreas de moderadas e incluso fortes pendentes. Ó sur de todo comeza unha zona de brañas.
- límite municipal, que coarta a expansión en determinadas áreas fisicamente favorables.

Dúas particularidades caracterizan este ámbito industrial: unha delas é a convivencia coas parcelas residenciais ó longo da N-VI; parte delas teñen unha orixe tradicional, e as vivendas de recente construción xorden como consecuencia da eliminación da edificación orixinal para ampliar a estrada nacional. Esta intervención levou á desaparición de parte dos núcleos tradicionais xurdidos en torno ó viario, provocando a perda de cohesión e relación entre as zonas que quedaron en pé.

A outra singularidade deste espazo é a de albergar poucas empresas que se adiquen á transformación de materias primas, á actividade industrial propiamente dita. Considérase que este polígono orixinouse como resposta á oportunidade de desenvolvemento comercial que supón a presenza da N-VI e a proximidade da actividade industrial nos municipios limítrofes. A forma de implantarse no territorio reflicte este desexo de “comerciar”: prima o desenvolvemento en torno ó viario e o máis preto posible dos concellos fronteirizos, aproveitando o espazo ó límite e asumindo o relevo que se presente. Sucédense así actuacións individualizadas, sen unha idea estruturante, co que isto implica para a eficiencia das infraestruturas e a relación interna do polígono. Salientar a existencia de tres intervencións que si obedecen a un esforzo proxectual: o polígono de Arco Iris na AC-182, o plan parcial SAU-5 “Ferradura” na N-VI e outro plan parcial compartido co concello de Cambre.

Así, a marxe dereita da estrada nacional que linda con Bergondo vese ocupada por parcelas longas e estreitas, onde se combinan principalmente os usos loxístico, comercial e hoteleiro. Por esta beira, unha grande parcela cunha edificación de transición de interese, interrompe a continuidade do polígono (enfrente, outra vivenda con grande extensión no pasado, pertencía á mesma familia, e entre ambas posuían gran parte do territorio circundante); máis adiante e logo tornando á esquerda, continúa a sucesión de usos e parcelas, xa de maior superficie. Nesta cola que forma o concello ó sur non se estende o polígono, en parte porque a pendente perde de vista a estrada nacional, e tamén polo comezo dun espazo de brañas.

A marxe dereita alterna, principalmente, o uso residencial disperso e desestruturado con dúas bolsas que acollen naves con destino comercial e loxístico, cunha resolución das diferenzas de nivel de xeito pouco articulado. Subindo pola AC-182, o desenvolvemento mantense idéntico ata chegar ó encontro coa DP-0812, onde está instalado un dos escasos enclaves industriais deste polígono de Espírito Santo. Esta zona e a que continúa ó norte desenrólanse nas faldras do monte do Coto. No espazo intermedio da bifurcación localízanse, á dereita e pouco articuladas, varias naves de uso comercial que, a medida que avanza o viario provincial, albergan máis usos industriais. Á esquerda, e apoiada na estrada autonómica, o xa citado polígono loxístico de Arco Iris amosa un conxunto ordenado e con mellor acceso. Destacar a presenza neste ámbito de dúas granxas abandonadas na actualidade.




O continuo actual de Sada. Destácanse as áreas adicadas á industria ou ó comercio: o polígono de O Tarabelo, a fábrica de cerámicas O Castro, a pirotecnia Rocha-Areas e, ó sur, o polígono industrial de Espírito Santo, compartido cos concellos de Cambre e Bergondo

De volta á N-VI e deixando atrás a rotonda, a convivencia entre as vivendas e o uso comercial prodúcese nun entorno dominado pola dispersión. Un pouco máis adiante e continuando o asentamento ó redor da aba, un grande establecemento hostaleiro e hoteleiro (coas súas instalacións) domina a curva, que constitúe un punto de inflexión na continuidade do asentamento industrial. Avanzando pola nacional, entramos no núcleo de Coiro, tamén pertencente a Soñeiro, e que aproveita o tirón do polígono, primeiro cunha implantación individualizada e dispersa, máis adiante a través dun grupo homoxéneo de naves con acceso desde unha vía de servizo exclusiva, para volver a salpicar o territorio con intervencións individualizadas no límite con Oleiros. En Coiro non se desenvolve ningunha actividade estritamente industrial, manténdose o uso comercial e loxístico en convivencia cos asentamentos residenciais, de características similares ó núcleo de Espírito Santo.

Por outro lado, tres áreas industriais máis, de menor superficie, teñen o seu sitio no concello; unha delas o constitúe o polígono de O Tarabelo, situado na DP-5813, a continuación do núcleo do mesmo nome, na parroquia de Sada. Considérase un asentamento espontáneo, onde se desenrolan actividades de loxística e comerciais (taller mecánico, carpintería, estación de servizo,...).

Outra zona a destacar está destinada exclusivamente á industria pirotécnica, está en Mandín, na parroquia de Soñeiro, nun desvío ó norte desde a AC-182.

Por último, destacar a fábrica de cerámicas O Castro, dentro do complexo industrial e sociocultural localizado no núcleo do mesmo nome, en Osedo.




4. ESTUDO DA PAISAXE



30

4. ESTUDO DA PAISAXE



4.1. INTRODUCCIÓN

Enténdese coma paisaxe dun territorio á relación que existe entre un suxeito observador e un obxecto observado, do que se destacan principalmente calidades visuais e espaciais. É o escenario da vida cotiá, e o resultado de todo un conxunto de múltiples factores, como o medio natural, o medio humanizado, os costumes, a economía, a estrutura social...

Todo isto debuxa e dá forma á identidade dun lugar, define características propias que poden ser traducidas nunha imaxe ou recordo, a través da vista fundamentalmente, pero tamén do olfacto, do oído, ou da sensación térmica.

A paisaxe, como resultado da incidencia directa ou indirecta de multitude de factores, esixe para o seu estudo, do manexo de todos eles. Chegados a este punto, no que se ten feito xa unha breve descrición do territorio e da estrutura do asentamento, procédese á reinterpretación do datos observados en función da paisaxe.

XENERALIDADES:

A perda da paisaxe atenta contra a percepción, ás veces inconsciente, do medio ou se se quere, do escenario da actividade. A identidade dun lugar está intimamente relacionada cun conxunto de factores que constrúen esa paisaxe, e que son traducidos nunha imaxe ou recordo, fundamentalmente a través da vista, pero tamén do olfacto, do oído, ou mesmo da sensación térmica.

Existe un interese xeral da sociedade en impedir a perda ou degradación da paisaxe, se cadra porque a acción do home no derradeiro século repercutiu no medio de xeito dificilmente reversible. De feito, hoxe en día, cóntase con lexislación en materia sectorial e de ordenación territorial que impón a conservación da paisaxe ou, no seu caso, a corrección de impactos negativos sobre ela.

A paisaxe é, no caso de Sada, un recurso que ten un valor en si mesmo. É fonte de riqueza, que completa outros valores que se dan no municipio, e é sumamente fráxil, xa que existen gran cantidade de factores que potencialmente farían perder dito valor.


As diferenzas na paisaxe deste concello, o mesmo que en calquera outro municipio galego, teñen moito que ver con dous motivos fundamentais: O grao de intervención humana no conxunto da escena, e o motivo orográfico e xeofísico.

Por medio do análise preténdese definir e buscar explicación sobre os elementos e motivos que fixeron posible unha determinada paisaxe, para posteriormente chegar a unhas conclusións que axuden a ordenar este territorio, e impedir que o valor atribuído á paisaxe se perda.

Así pois é preciso desmarcarse daquelas definicións que relacionan o concepto de paisaxe con valoracións subxectivas sobre o belo ou fermoso, e atender a conceptos metodolóxicos que nos acheguen á valoración obxectiva.

A bibliografía recorre á definición de catro grandes conceptos mediante os cales é posible afrontar o estudo da paisaxe:

- O suxeito ou persoa que percibe e asimila unha determinada paisaxe. Non é obxecto deste traballo analizar este factor.
- O medio ou vía de transmisión. A atmosfera como elemento de transmisión de luz (imaxe visual), de ruidos, sons e cheiros.
- O fenosistema ou conxunto de elementos do medio que forma parte da escena, e que, en función da súa natureza, poden ser: físicos, bióticos ou antrópicos.
- O criptosistema ou conxunto de elementos e relacións que non se perciben pero subxacen e dan a explicación ao fenosistema.



4.2. UNIDADES DA PAISAXE

4.2.1. Contexto na unidade da paisaxe do Golfo Ártabro Litoral

A paisaxe do concello de Sada enmárcase na grande unidade da paisaxe Ártabra do Litoral, e máis polo miúdo na paisaxe da Ría de Betanzos, constituída polos municipios de Ares, Mugardos, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne, Bergondo, Sada e Oleiros.

Este ámbito territorial é o resultado dunha orografía xerada pola desembocadura das Rías de Betanzos, Ares e Sada. Posúe unha gran variedade paisaxística, con zonas de estuarios, praias e cantís, ademais dos asentamentos litorais característicos da comarca.

A inserción dentro da área metropolitana da Coruña, fai que este territorio se atope en continua transformación debido sobre todo ás dinámicas económico-sociais dos últimos cincuenta anos.

Estas transformacións fan que desde un punto de vista paisaxístico se mesturen zonas rurais con crecementos contemporáneos. A progresiva urbanización do territorio co aumento do turismo estival a partir dos anos sesenta e coas novas formas de residencia son parte das causas. Así, antigas terras de labor hoxe abandonadas, deron paso a novas paisaxes dominadas pola presenza de especies forestais de crecemento rápido, principalmente o eucalipto.

Estes fenómenos dan como resultado un concello fortemente urbanizado, cunha densidade de máis de 500 hab./km² onde a vila mariñeira de Sada destaca como o asentamento poboacional máis importante. En torno a ela, pequenos asentamentos tradicionais alterados e en constante crecemento, se conectan e relacionan entre si a través dunha rede viaria complexa.


Ao analizar súa orografía, obsérvase que Sada é un concello cun relevo baixo, bastante homoxéneo e sen demasiados contrastes. Na súa parte Oriental está en contacto coa Ría de Betanzos, onde desembocan diferentes canles fluviais a través de pequenas cuncas de pendentes suaves. Será nesta parte do concello, onde a paisaxe adquira unhas características máis particulares. Trátase dunha costa cunha erosión heteroxénea con grandes recortes que dan como resultado zonas de cantís e areas.

Xa no interior, o territorio apóiase nunha densa malla viaria municipal, sobre a que se establecen uns núcleos, alterados polos desenrols urbanísticos dos últimos anos, derivados principalmente da posición xeográfica que ocupa o Concello de Sada no ámbito da área metropolitana da Coruña.

Trátase polo tanto, dun municipio moi complexo e dinámico, no que a vila costeira de Sada destaca como centro urbano principal, e onde os asentamentos dependen en gran medida das relacións entre esta vila e A Coruña.

A estrada nacional N-VI, atravesa o concello extremo Sur, transformando o antigo núcleo do Espírito Santo no núcleo industrial máis importante do municipio.

Na actualidade, a Vía Ártabra aínda en construción, e que se desenrola ao longo da parte máis oriental de Sada, pretende mellorar as comunicacións dos concellos máis occidentais da área metropolitana da Coruña coa propia cidade.



4.2.2. As unidades da paisaxe de Sada

Como primeira aproximación á paisaxe de Sada, identificaranse as diferentes unidades paisaxísticas que interveñen nos conxuntos ou concas visuais. Ás veces é difícil definir estas unidades dun xeito práctico, xa que debido á intersección ou convivencia en momentos de transición, e ao propio carácter dinámico e cambiante da paisaxe, o límite é habitualmente difuso. Aínda así, defínense unidades principais que servirán de ferramenta de análise:

- 1.-o Litoral
- 2.-os Asentamentos Poboacionais
- 3.-o Medio Rural

A primeira destas unidades paisaxísticas, está asociada a unha costa moi recortada, onde o relevo moitas das veces remata de xeito brusco en cantís que son resultado máis de movementos tectónicos que da propia acción do mar. Esta afecta sobre todo na erosión da súa base, producindo pequenas praias, moitas delas de recente creación.

Así pois, trátase dunha costa onde predominan as formas duras e rochosas, con cantís de máis de 25 m de altura en moitas ocasións, e salpicada de pequenas calas de difícil acceso.

Cando o relevo se relaciona coa costa de xeito máis suave, dáse a posibilidade do establecemento de asentamentos. Tal é o caso do núcleo de Sada, onde xunto a un grande areal foise desenrolando esta vila mariñeira, capital do concello.

Os asentamentos de poboación teñen neste municipio unha gran relevancia, ata o punto de constituír unha unidade paisaxística en si mesma.

Sada é un concello cunha evolución xeográfica moi particular. Ata os anos 30 do século pasado, foi medrando de poboación de xeito constante. Pero a partir dese momento, o gran crecemento da Coruña, tivo como consecuencia a emigración de gran parte da súa poboación á cidade veciña.

Máis adiante, a partir dos anos 70, esta tendencia volta a mudar, pola inversión das correntes migratorias que anos antes lle fixeran perder poboación. O retorno de emigrantes, e o aumento das familias que establecen neste concello súa segunda ou primeira residencia na procura dunha mellor calidade de vida fora das grandes cidades, fixeron que haxa un crecemento demográfico moi forte dende os últimos 15 anos.


Este crecemento vese reflectido na vila de Sada, e onde o tecido urbano medrou de maneira substancial nos últimos anos, sobre todo a través de tipoloxías de vivenda colectiva agrupadas en mazás pechadas.

Así mesmo, os asentamentos tradicionais, moi vencellados aos viarios que os comunican entre si e cos concellos limítrofes, tamén experimentaron un gran crecemento, a través da construción dunha grande cantidade de vivendas unifamiliares e de urbanizacións residenciais.

Estes fenómenos contribúen a complexizar aínda máis un territorio xa de por si moi alterado pola acción do home.

Por último, destacar o medio rural sobre o que se asenta unha rede de comunicacións viarias ás veces moi caótica e que actualmente se atopa profundamente transformado pola acción do home.

Dentro da paisaxe tan alterada, aínda quedan zonas con riqueza vexetal e forestal, vinculadas principalmente ás canles fluviais que discorren por todo o municipio, así como as chamadas "Brañas de Sada", lagoas artificiais, consecuencia das extraccións de terra da zona en épocas pasadas, e que actualmente constitúen un referente medioambiental, paisaxístico e turístico de todo o concello.



4.3. ANÁLISE DAS ÁREAS DE INTERVISIBILIDADE

4.3.1. A Conca Visual da Ría de Sada

O "arco" Ártabro no que se enmarca a Ría de Sada posúe unha paisaxe moi dinámica, moi influenciada polas cidades da Coruña e Ferrol, cunha alta densidade urbanística, e onde se mesturan espazos propios das vilas mariñeiras e costeiras, con outras novas paisaxes resultado da acción do home.

Esta gran área de intervisibilidade está formada principalmente polo litoral dos diferentes concellos que constitúen a Ría de Betanzos.

É un ámbito que se caracteriza por ter unha conta moi recortada, onde xorden outras rías máis pequenas, como a de Ares, con promontorios como a península de Insua en Paderne, o Castro en Miño, ou a Punta de san Mamede, e a Punta Corbeiroa, xa no concello de Sada.

Posúe un clima suave, poucas oscilacións térmicas, e idóneo para gran variedade de cultivos

No bordo deste litoral abundan os cantís, intercalados con praias e dunas. Cando o relevo o permite, os núcleos de poboación se asentán na propia costa, formando un verdadeiro continuo construído ao longo de todo o litoral. Entre eles, os máis importantes son Sada, Miño, Perbes, Pontedeume, Cabanas e Ares.


Cara o interior deste ámbito aséntanse gran cantidade de núcleos de pequeno tamaño condicionados pola súa situación dentro das áreas metropolitanas de A Coruña e Ferrol.

Ao principio tratouse dun desenvolvemento urbanístico baseado na vivenda de segunda residencia, con tipoloxías unifamiliares e colectivas, e que se foron asentando tanto na trama dos núcleos tradicionais cada vez máis alterados, como fora deles, coa aparición de urbanizacións espontáneas. Pero nos últimos anos, un novo xeito de entender a relación co campo e co medio natural, fixo que aumentase de xeito substancial a construción de vivendas de primeira residencia, conscientes da dependencia do vehículo para os desprazamentos diarios, pero tamén da procura dunha mellor calidade de vida fora da cidade e en contacto coa natureza.

Así pois, a proximidade coas cidades da Coruña e Ferrol, a presenza das praias, e un microclima favorable propio, fan do Golfo Ártabro Litoral un ámbito especial, de gran valor residencial e turístico, pero que aínda conta con importantes carencias en canto á ordenación do seu territorio.



Costa de Sada



Urbanización (Meirás)



Taibó (Carnoedo)

4.3.2. Área de Sada. Conca do Rego Maior

Ao analizar este ámbito dende o punto de vista do fenosistema, obsérvase que ocupa a maior parte da superficie do concello. Está formada por varios vales asimétricos e de pouca pendente, cunha rede fluvial de pouca entidade pero moi densa que leva súas augas cara a ría de Betanzos. A nivel litolóxico, pertence ao "Domino de Ordes", rico en xistos e cuarzos.

Vaise estreitando a medida que se achega ao litoral, e remata no que no seu momento foi un grande areal, hoxe en día destruído na case súa totalidade pola propia vila de Sada, asentada sobre o mesmo.

É un relevo bastante homoxéneo, sen grandes variacións altimétricas nin xeomorfolóxicas, cunhas calidades paisaxísticas e medio ambientais moi similares, e onde a principal característica é a gran transformación do medio rural por parte do home.

Existen abundantes masas arbóreas, sen conexión entre elas as máis das veces, e que adquiren certa continuidade cando se tratan de especies de ribeira vinculadas ás diferentes canles fluviais.

Fora diso, o eucalipto domina a case totalidade das especies forestais do municipio, agás escasos exemplos de carballeiras e soutos, algúns destes últimos, tamén froito de recentes repoboacións.

Sada é un concello que segue a evolución dos municipios próximos ás grandes cidades, onde a perda de poboación rural, conleva unha redución drástica do sector primario, co abandono das terras que antes se adicaban a actividades agrarias. Aínda quedan terreos dispersos adicados a prados que alimentan a unha poboación de gando bovino cada vez máis escasa, froito máis da nostalxia que do rendemento económico reportado.


Todo o ámbito é un mosaico de asentamentos tradicionais moi alterados e afectados por moitos desenvolvementos residenciais, algúns deles de forte presenza paisaxística e medio ambiental, e que teñen como resultado unha urbanización difusa nas valgadas dos vales, que se apoian sobre unha densa rede viaria.

A Vía Ártabra, actualmente en construción, percorre toda a marxe Occidental do municipio, nun tento por lograr unha mellora nestas comunicacións tanto de Sada como do concello veciño de Oleiros coa cidade da Coruña, que axude a dar senso a unha rede viaria municipal incapaz de soportar a gran cantidade de desprazamentos diarios, imprescindibles para comunicar unha poboación xa eminentemente urbanita, nun medio rural, cada vez máis urbanizado.

Varios con trazados moi irregulares, estreitos, sen apenas visibilidade, mal pavimentados e sen beirarrúas as máis das veces, son un reflexo claro destes desequilibrios, onde hai unha clarísima diferenciación entre os espazos públicos e os privados.

No extremo Sur deste área e xa no límite municipal co Concello de Cambre, a estrada nacional N-VI, atravesa o municipio e propicia a creación dun núcleo industrial de un desenrolo industrial de certa relevancia.

Todas estas relacións son as que afectan ao fenosistema e son clave para seu entendemento.



Urbanización en Fontán

4.3.3. Costa de Carnoedo

Está conformada principalmente por cantís con pequenas praias unidas ao pé, de paredes moi verticais e variadas nas súas formas. Os teitos son aplanados ou con pendentes moi suaves. Desde o punto de vista litolóxico, abundan os xistos propios do "Dominio de Ordes".

Conforma unha zona de Sada estreita e longa, sen a presenza de ningunha canle fluvial. Isto conleva a non existencia de especies de ribeiras, abundando o masas de frondosas mixtas, así como os piñeiros, sobre todo nas zonas de bordo dos cantís.

Ao contrario que na unidade paisaxística anterior, esta é moito máis acotada e periférica, e aínda conserva un uso agrícola do solo, cun parcelario que se articula en paralelo á costa cando a pendente do terreo é máis acusada.

Na parte máis Norte, cara á Punta de San Mamede, o solo está ocupado sobre todo por masas forestais de crecemento rápido que se mesturan con zonas de matogueira.

Neste ámbito aséntase os núcleos do Chan da Aldea ao Norte e Fontán, xa en contacto coa vila de Sada.

O crecemento desta última fixo que o núcleo de Fontán fose absorbido, formando parte agora das actividades pesqueiras e industriais de Sada.

O Chan de Aldea aínda conserva súa traza orixinal, compacta e coas terras de cultivos dispostas ao redor do núcleo. Aínda que non dun xeito tan forte, tamén se ve a influencia dos novos desenvolvementos residenciais que se apoian nas vías de comunicación existentes, pero sen vincularse cos núcleos orixinais.

4.3.4. Punta de San Mamede


Trátase dun enclave cunhas características xeomorfolóxicas moi particulares, formado por mesocantís de máis de 25 m de altitude en torno a unha pequena conca fluvial dominada polo Rego da Regueira.

Constitúe un bordo de litoral moi variado e dinámico, con furnas, fendas, simas e promontorios. Presenta unha liña de ruptura moi clara marcada pola gran diferenza de cota entre terra e mar, e constituíndo un claro exemplo dos chamados "cantís atlánticos". De feito, é o único exemplo de todo o Arco Ártabro dos "Grandes Cantís Convexos", cunhas fortes pendentes.

Todo o solo esta ocupado por vexetación, alternando as masas de especies de repoboación e crecemento rápido, con outras masas de frondosas mixtas, así como de zonas de matogueira, mais propias das características da zona de costa, que do abandono de terras de cultivo. Estas últimas, teñen moi pouca presenza e se dispoñen cara o interior do concello.

A este ámbito se accede a través de camiños agrícolas sen pavimentar que cosen a zona e a poñen en relación cos asentamentos que a limitan. Ademais deste tipo de "pegadas", non existe practicamente ningún tipo de intervención antrópica na zona. Nos últimos anos tampouco houbo importantes modificacións da paisaxe, non sendo un lixeiro avance das masas forestais polo abandono dalgunhas terras de labor.

Todo isto lle confire a este enclave unhas características paisaxísticas, medioambientais e ecolóxicas de moito valor, debido entre outras razóns ao alto grao de conservación dos elementos orixinais que conforman esta paisaxe, e á potencia e expresividade das súa morfoloxía.



4.3.5. Área de Lorbé. Veigue, Cirro e San Pedro

Situada na parte máis Septentrional do concello, xa no límite con municipio de Oleiros. Tamén é un ámbito onde predominan os cantís alternándose neste caso, con praias aos pés.

Cunha clara orientación Norte, esta zona ven definida por dúas pequenas concas que conforman o Rego de Soutilo e o Regato de Fraga, ambos de pequena entidade e que forman dous pequenos vales de orientación Norte-Sur, que teñen por fronte costeiras as praias do Cirro de San Pedro, respectivamente.

O solo atópase moi antropizado, dende a construción das redes de comunicación, que non sempre se adaptan ao terreo, ata a alteración dos asentamentos tradicionais ou do substrato do solo, dominado por especies forestais de crecemento rápido, e quedando as terras de labor relegadas ás zonas próximas aos núcleos. Tamén quedan especies de ribeira ao longo das canles fluviais mencionadas con anterioridade, e é importante destacar a presenza de piñeiros, e dalgunhas masas de carballos e castiñeiros.

Tradicionalmente vinculada aos asentamentos da parroquia de Veigue, a relativamente boa accesibilidade por terra ás súas praias, fixo que desde sempre esta área foise un enclave turístico importante, ata o punto de contar coa existencia de zonas de acampada regulada en torno ás dúas praias.

Ademais, a partir dos anos 70 deuse un importante desenvolvemento dos núcleos debido á construción de vivendas de primeira e segunda residencia, tanto de tipoloxía individual como colectiva. Esta dinámica aínda existe na actualidade, provocando claros desequilibrios pola capacidade limitada que ten un territorio para adaptarse a alteracións tan importantes en tan pouco tempo, e que conleva unha paulatina perda de identidade dos asentamentos tradicionais así como unha incapacidade para asumir os constantes movementos demográficos.




Praia de San Pedro



Chan da Aldea (Veigue)

4.4. A PAISAXE URBANA DO NÚCLEO DE SADA



En apartado específico vaise abordar o estudo da paisaxe urbana do núcleo de Sada, en resposta ao requirido nas D.O.T., na súa determinación 8.6.

A Vila de Sada constitúe, xunto a outras vilas como Miño, Pontedeume, Ares, ..., unha referencia na paisaxe da Ría, como elemento antrópico que contrasta respecto a outros elementos da escena de características naturais ou de menor transformación.

O núcleo urbano da Vila desenvólvese a modo de orla dende Punta Fontán ata Punta Corbeira, cunha profundidade cara o interior duns 300 m, excedidos unicamente polos rabiños das estradas Sada - Oleiros e Sada - Espírito Santo sobre os que se desenvolveu unha trama urbana lineal cara o interior. Así, baixo este esquema formal desenvólvese o espazo urbano, que responde a motivos ou condicionantes histórico-temporais, legais, socioeconómicos, xeomorfolóxicos, etc., dando como resultado un conxunto de entramados ou tecidos urbanos recoñecibles nas diferentes imaxes ou escenarios da paisaxe da Vila.

Dende o punto de vista xeomorfolóxico a paisaxe da Vila ofrece dous ámbitos urbanos claramente diferenciados. Un deles correspóndese coa fracción norte, Fontán, Fiunchedo, Sada de Arriba; onde a condición topográfica en ladeira ou cantil é xeradora dunhas imaxes características nas que destacan as visións ascendentes-descedentes e, sobre todo, a visión dende o mar dunha fachada marítima que ten profundidade ascendente. Esta primeira metade da orla urbana correspóndese tamén co bordo litoral de contacto co Porto de Sada-Fontán.

A metade sur da Vila correspóndese coa chanceira do areal e parte baixa das concas do Rego Maior e Rego Fontoira; terreos de topografía horizontal onde se desenvolveron os tramados de A Tenencia, Area e das Brañas. Os límites físicos que confinan esta área son a Praia e as Brañas de Sada. É por elo que nesta metade sur as imaxes ou visións son pechadas, horizontais e de planos curtos e medios. O escenario sobresaínte constitúeno a fachada marítima do recheo e da Praia das Delicias, único espazo aberto que ten contacto visual co mar.

Dende o punto de vista da morfoloxía urbana e a súa relación coa historia da Vila, cómpre falar dos núcleos orixinais de Fontán, Sada de Arriba, A Tenencia-Area; cos seus mallados e entramados característicos facilmente recoñecibles polo seu trazo orgánico e espontáneo, os rueiros e calexas estreitas e unha estrutura parcelaria fragmentada que soporta edificacións de construción tradicional acaroadas formando continuos.

A expansión urbana da Vila durante os derradeiros 100 anos deu lugar a novos entramados que aglutinaron os núcleos orixinais no espazo urbano de hoxe en día. Estes tramados recentes teñen fundamento en novos elementos de tensión ou atracción como é o caso das novas estradas, o recheo do Porto o cal xerou unha nova fachada marítima relegando a segundo plano a fachada orixinal do núcleo mariñeiro de Fontán, e mesmo as planificacións feitas polos instrumentos de planeamento anteriores, que remataron os baleiros entre os núcleos orixinais. Noutros casos os vellos tramados foron parcialmente transformados, mantendo a estrutura viaria e parcelaria, mais substituindo a edificación tradicional por novas edificacións. Esta transformación foi realizada dun xeito tranquilo na etapa do modernismo, con exemplos de arquitecturas que hoxe forman parte dos escenarios urbanos de interese, mais en época recente a substitución foi pouco respectuosa coa escala e volume, dando como resultado unha imaxe deteriorada dos tramados antigos.

O factor temporal ten moita relevancia na configuración da paisaxe urbana xa que son moitas as áreas ou zonas nas que a transformación da trama planificouse sen ter en conta unha axeitada xestión do solo que fixera posible o cambio integral entre unha trama e outra. O resultado ofrece escenas ou visións de espazos e construcións degradadas e mesmo a mestura de tipoloxías edificatorias en áreas de escasa superficie. Así, en lugares como Fiunchedo, Sada de Arriba, Riovao, obsérvase a convivencia e alternancia de edificacións unifamiliares con bloques de vivenda colectiva que deixan as súas medianeiras vistas. Este feito valórase negativamente e constitúe un dos maiores problemas da paisaxe urbana de Sada.




Motivos de orde social e económicos teñen repercusión na paisaxe da Vila de Sada en atención aos diferentes tramados urbanos. É ben coñecido que os tramados orixinais de Fontán e Sada (A Tenencia) responden aos requirimentos de asentamentos dependentes do medio mariño, a pesca e o comercio así como a actividade preindustrial, caso da Tenencia. Na actualidade obsérvase outra vez un lixeiro contraste entre a metade norte da Vila e a metade sur, pois a primeira vese condicionada pola tensión que exercen as actividades nautico-recreativas do porto no produto inmobiliario, convertendo esta parte do núcleo de Sada nun lugar onde aumenta a vivenda de tempada ou vivenda en tipoloxías que poderían asociarse a un maior poder adquisitivo, caso das promocións de vivenda unifamiliar en actuacións conxuntas ou de xeito individual, e mesmo a promoción de vivenda colectiva en condominio coa existencia de espazos privados de recreo. O resultado visible, o escenario, conforma paisaxes urbanas abertas ou esponxadas con presenza de espazos abertos e vexetación, contribuíndo a recrear imaxes afables. Mais, por outra banda, a presión inmobiliaria foi quen de forzar ao máximo o aproveitamento urbanístico ata o punto de provocar imaxes saturadas de masa ou volume edificado como así ocorre na Rúa Párroco Villanueva e na Avenida do Porto.

A estrutura social e económica na zona baixa de Sada é diferente a da parte norte. Aquí confórmase a xenuína estrutura da Vila, composta por un continxente poboacional que reside e traballa en Sada e unha porcentaxe elevada de poboación de idade avanzada. Unha estrutura comercial polo miúdo que cubre as necesidades básicas da poboación completada por unha oferta de servizo público e dotacións. Froito deste criptosistema emerxen escenas onde a actividade humana en certos momentos do día ten unha importante presenza (o día do feirón, a entrada e saída do colexio, as xestións administrativas, ...). Todo elo nunha estrutura urbana densa e sobrecargada que en determinados ámbitos, como a parte vella da Tenencia, proporciona imaxes afables por mor da escala urbana, dos espazos públicos, etc.; mais noutros casos, en especial tras as transformacións feitas na década dos anos setenta e oitenta do século pasado ao redor da Avenida de República Arxentina, a imaxe urbana móstrase con especial dureza tras a perda da escala orixinal.


O avellentamento poboacional, que afecta en xeral a todos os núcleos históricos da Vila (Fontán, Sada de Arriba, A Tenencia e Riovaio), é un dos motivos da falta de conservación do casarío tradicional, aspecto que contribúe á xeración de imaxes que amosan indicios de degradación e que, de non poñer remedio, abocarían na perda das paisaxes urbanas de maior valor no núcleo de Sada. As iniciativas recentes de reurbanización en Fontán e A Tenencia valóranse positivamente; mais, cómpre abordar a ordenación e protección destes barrios para garantir dun xeito integral o mantemento e recualificación, contribuíndo así a evitar a degradación da paisaxe urbana.

Outro factor que incide na calidade da paisaxe urbana o constitúe a interacción entre o mallado urbano e o medio físico e natural que o confina. Dado que a morfoloxía urbana se desenvolve a modo de orla, o perímetro de contacto do medio urbano resulta extenso e dunha gran presenza e representatividade. Así, na súa vertente oriental, a Vila de Sada presenta unha fachada marítima duns 2.500 metros de lonxitude que hoxe atópase practicamente consolidada. Non así a súa vertente occidental, que mira cara un medio rural bastante antropizado, pero con determinadas áreas de contacto que presentan valores naturais e paisaxísticos. É o caso da Punta Fontán, que separa o núcleo orixinal da praia de Morazón e os cantís, lugar de certa fragilidade visual dada a súa configuración xeomorfolóxica. Cara ao sur, o núcleo desenvólvese en contacto coas agras do núcleo de Pazos, antigo espazo agrícola que amosa signos de abandono. O Monte Lixandre e As Brañas confinan o medio urbano na súa parte central, deixando pasar entre eles o mallado lineal da estrada Oleiros-Sada. É aquí onde o bordo urbano atópase mal rematado, ofrecendo unha imaxe descoidada que desmerece o valor destes espazos de gran calidade ambiental. O estremeiro do sur presenta límites diluídos pois o medio urbano ten certa continuidade co asentamento de Samoedo e cos asentamentos de Costa de Ouces e Corbeiroa, no Concello de Bergondo.




ANEXO 1


TÁBOAS DE INDICADORES DO MODELO DE ASENTAMENTO




Topónimo	Tipo de asentamento	Número de habitantes	Número de vivendas	Superficie do asentamento (BRUTA)	Densidade de vivendas	Superficie do asentamento (NETA)	Nº de parcelas	Parcela media
CARNOEDO (SAN ANDRÉ)		997						
CAMPO DA CRUZ - A PEGA	ORIXINAL POLINUCLEAR		17	15.001 m ²	11,33 Viv/Ha.	15.001 m ²	28	536 m ²
A PEDREIRA	ORIXINAL NUCLEAR		23	18.526 m ²	12,41 Viv/Ha.	18.526 m ²	33	561 m ²
FONTE GRANDE	ORIXINAL CASAL		2	3.998 m ²	5,00 Viv/Ha.	3.998 m ²	2	1.999 m ²
O CHAN DE ALDEA SEIXO A PEREIRA	ORIXINAL POLINUCLEAR		117	84.678 m ²	13,82 Viv/Ha.	84.678 m ²	148	572 m ²
CAMPO DAS MANTAS	ORIXINAL CASAL		4	3.946 m ²	10,14 Viv/Ha.	3.946 m ²	5	789 m ²
O CARBALLO FONTE GRANDE (NORTE) CAMPO DAS MANTAS (NORTE)	TRANSICIÓN POLINUCLEAR		51	80.196 m ²	6,36 Viv/Ha.	80.196 m ²	85	943 m ²
AGRA	TRANSICIÓN NUCLEAR		15	24.827 m ²	6,04 Viv/Ha.	24.827 m ²	23	1.079 m ²
TAIBÓ	ORIXINAL NUCLEAR		60	68.606 m ²	8,75 Viv/Ha.	68.606 m ²	79	868 m ²
A LAMELA	TRANSICIÓN NUCLEAR		20	41.307 m ²	4,84 Viv/Ha.	41.307 m ²	29	1.424 m ²
SOUTO	ORIXINAL NUCLEAR		52	94.839 m ²	5,48 Viv/Ha.	94.839 m ²	71	1.336 m ²
RÍOS	ORIXINAL CASAL		4	12.743 m ²	3,14 Viv/Ha.	12.743 m ²	4	3.186 m ²
A XESTEIRA	ORIXINAL CASAL		2	3.332 m ²	6,00 Viv/Ha.	3.332 m ²	7	476 m ²
CARNOEDO	CONTEMPORÁNEO		377	741.959 m ²	5,08 Viv/Ha.	741.959 m ²	530	1.400 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_DISPERSAS	AC_BAJA DENSIDAD		24	9.911 m ²	24,22 Viv/Ha.	9.911 m ²	24	413 m ²
TOTAL VIVIENDAS EN RURAL			768					




Topónimo	Tipo de asentamento	Número de habitantes	Número de vivendas	Superficie do asentamento (BRUTA)	Densidade de vivendas	Superficie do asentamento (NETA)	Nº de parcelas	Parcela media
MEIRÁS (SAN MARTIÑO)		1.025						
PIÑEIRO TORRÓN TUMBADOIRO SOUTO DA IGREXA CIMÁS	ORIXINAL POLINUCLEAR		103	170.556 m ²	6,04 Viv/Ha.	170.556 m ²	119	1.433 m ²
OS TORNOS	ORIXINAL CASAL		3	6.299 m ²	4,76 Viv/Ha.	6.299 m ²	3	2.100 m ²
MUÍÑO DO VENTO	ORIXINAL NUCLEAR		11	27.108 m ²	4,06 Viv/Ha.	27.108 m ²	12	2.259 m ²
	TRANSICIÓN NUCLEAR		7	17.553 m ²	3,99 Viv/Ha.	17.553 m ²	10	1.755 m ²
VILAR	ORIXINAL NUCLEAR		12	50.696 m ²	2,37 Viv/Ha.	50.696 m ²	14	3.621 m ²
A CAÑOTA	ORIXINAL NUCLEAR		9	14.722 m ²	6,11 Viv/Ha.	14.722 m ²	10	1.472 m ²
A REGUEIRA	ORIXINAL CASAL		2	3.330 m ²	6,01 Viv/Ha.	3.330 m ²	2	1.665 m ²
MEIRÁS	CONTEMPORÁNEO		342	831.603 m ²	4,11 Viv/Ha.	831.603 m ²	442	1.881 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_SAU 8 MEIRÁS	AC_BAJA DENSIDAD		42	48.462 m ²	8,67 Viv/Ha.	21.798 m ²	42	519 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_SAU 9 SOUTO DA IGREXA	AC_BAJA DENSIDAD		43	29.097 m ²	14,78 Viv/Ha.	9.761 m ²	43	227 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_URBANIZACIÓN LA SOLEADA	AC_BAJA DENSIDAD		24	9.960 m ²	24,10 Viv/Ha.	4.680 m ²	24	195 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_DISPERSAS	AC_BAJA DENSIDAD		30	19.141 m ²	15,67 Viv/Ha.	19.141 m ²	30	638 m ²
TOTAL VIVIENDAS EN RURAL			628					




Topónimo	Tipo de asentamento	Número de habitantes	Número de vivendas	Superficie do asentamento (BRUTA)	Densidade de vivendas	Superficie do asentamento (NETA)	Nº de parcelas	Parcela media
MONDEGO (SAN XIÁN)		862						
AMEIXEIRAL - MAZÓN	ORIXINAL POLINUCLEAR		33	52.527 m ²	6,28 Viv/Ha.	52.527 m ²	40	1.313 m ²
FORTIÑÓN	ORIXINAL NUCLEAR		23	46.352 m ²	4,96 Viv/Ha.	46.352 m ²	32	1.449 m ²
CARTA	ORIXINAL NUCLEAR		8	17.350 m ²	4,61 Viv/Ha.	17.350 m ²	10	1.735 m ²
	TRANSICIÓN NUCLEAR		32	36.623 m ²	8,74 Viv/Ha.	36.623 m ²	36	1.017 m ²
TRASÍN	ORIXINAL NUCLEAR		4	5.081 m ²	7,87 Viv/Ha.	5.081 m ²	4	1.270 m ²
QUINTÁN	ORIXINAL NUCLEAR		20	39.283 m ²	5,09 Viv/Ha.	39.283 m ²	25	1.571 m ²
	TRANSICIÓN NUCLEAR		20	64.635 m ²	3,09 Viv/Ha.	64.635 m ²	31	2.085 m ²
A GRANXA	ORIXINAL NUCLEAR		5	6.727 m ²	7,43 Viv/Ha.	6.727 m ²	5	1.345 m ²
	TRANSICIÓN NUCLEAR		12	23.327 m ²	5,14 Viv/Ha.	23.327 m ²	14	1.666 m ²
VERTÍN	ORIXINAL NUCLEAR		4	9.409 m ²	4,25 Viv/Ha.	9.409 m ²	7	1.344 m ²
LÁCERE	ORIXINAL CASAL		2	6.403 m ²	3,12 Viv/Ha.	6.403 m ²	3	2.134 m ²
MONDEGO	CONTEMPORÁNEO		222	550.289 m ²	4,03 Viv/Ha.	550.289 m ²	278	1.979 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_SAU 10 FORTIÑÓN	AC_BAJA DENSIDAD		22	22.575 m ²	9,75 Viv/Ha.	19.294 m ²	22	877 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_URBANIZACIÓN AMEIXEIRAL	AC_BAJA DENSIDAD		49	20.685 m ²	23,69 Viv/Ha.	19.600 m ²	49	400 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_DISPERSAS	AC_BAJA DENSIDAD		21	12.720 m ²	16,51 Viv/Ha.	12.720 m ²	21	606 m ²
TOTAL VIVIENDAS EN RURAL			477					




Topónimo	Tipo de asentamento	Número de habitantes	Número de vivendas	Superficie do asentamento (BRUTA)	Densidade de vivendas	Superficie do asentamento (NETA)	Nº de parcelas	Parcela media
MOSTEIRÓN (SAN NICOLAO)		270						
A ESPERELA MACHADO	ORIXINAL POLINUCLEAR		32	57.326 m ²	5,58 Viv/Ha.	57.326 m ²	43	1.333 m ²
SOUTO VELLO	TRANSICIÓN NUCLEAR		14	24.142 m ²	5,80 Viv/Ha.	24.142 m ²	14	1.724 m ²
CACHARRETE	ORIXINAL CASAL		1	1.496 m ²	6,68 Viv/Ha.	1.496 m ²	1	1.496 m ²
O CARBALLAL	ORIXINAL CASAL		1	3.744 m ²	2,67 Viv/Ha.	3.744 m ²	1	3.744 m ²
MOSTEIRÓN	CONTEMPORÁNEO		91	260.573 m ²	3,49 Viv/Ha.	260.573 m ²	109	2.391 m ²
<i>ACTUACIÓNS CONXUNTAS_DISPERSAS</i>	AC_BAJA DENSIDAD		4	1.642 m ²	24,36 Viv/Ha.	1.642 m ²	4	411 m ²
TOTAL VIVIENDAS EN RURAL			143					




Topónimo	Tipo de asentamento	Número de habitantes	Número de vivendas	Superficie do asentamento (BRUTA)	Densidade de vivendas	Superficie do asentamento (NETA)	Nº de parcelas	Parcela media
OSEDO (SAN XIÁN)		1.009						
TORRENTE	ORIXINAL CASAL		2	1.538 m ²	13,00 Viv/Ha.	1.538 m ²	2	769 m ²
A FRAGA	ORIXINAL NUCLEAR		9	9.705 m ²	9,27 Viv/Ha.	9.705 m ²	11	882 m ²
SEIXEDA	ORIXINAL NUCLEAR		42	60.526 m ²	6,94 Viv/Ha.	60.526 m ²	47	1.288 m ²
OSEDO	ORIXINAL NUCLEAR		40	84.484 m ²	4,73 Viv/Ha.	84.484 m ²	50	1.690 m ²
	TRANSICIÓN NUCLEAR		26	55.449 m ²	4,69 Viv/Ha.	55.449 m ²	35	1.584 m ²
XAN AMIGO	ORIXINAL NUCLEAR		16	30.358 m ²	5,27 Viv/Ha.	30.358 m ²	19	1.598 m ²
O SEIXO	TRANSICIÓN NUCLEAR		5	9.479 m ²	5,27 Viv/Ha.	9.479 m ²	6	1.580 m ²
CASTELO	ORIXINAL NUCLEAR		36	56.482 m ²	6,37 Viv/Ha.	56.482 m ²	54	1.046 m ²
O COUTO	ORIXINAL CASAL		4	6.643 m ²	6,02 Viv/Ha.	6.643 m ²	4	1.661 m ²
O CASTRO	ORIXINAL NUCLEAR		53	72.041 m ²	7,36 Viv/Ha.	72.041 m ²	56	1.286 m ²
	TRANSICIÓN NUCLEAR		9	17.064 m ²	5,27 Viv/Ha.	17.064 m ²	15	1.138 m ²
OSEDO	CONTEMPORÁNEO		347	818.247 m ²	4,24 Viv/Ha.	818.247 m ²	409	2.001 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_DISPERSAS	AC_BAJA DENSIDAD		14	10.917 m ²	12,82 Viv/Ha.	10.917 m ²	14	780 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_URBANIZACIÓNS	AC_BAJA DENSIDAD		31	11.359 m ²	27,29 Viv/Ha.	10.379 m ²	31	335 m ²
TOTAL VIVIENDAS EN RURAL			634					




Topónimo	Tipo de asentamento	Número de habitantes	Número de vivendas	Superficie do asentamento (BRUTA)	Densidade de vivendas	Superficie do asentamento (NETA)	Nº de parcelas	Parcela media
SADA (SANTA MARÍA)		9.132						
PAZOS	ORIXINAL NUCLEAR		34	30.318 m ²	11,21 Viv/Ha.	30.318 m ²	39	777 m ²
BELOI	ORIXINAL NUCLEAR		6	8.446 m ²	7,10 Viv/Ha.	8.446 m ²	10	845 m ²
RIOVAO	ORIXINAL NUCLEAR		39	26.195 m ²	14,89 Viv/Ha.	26.195 m ²	46	569 m ²
SERRA	TRANSICIÓN NUCLEAR		7	8.139 m ²	8,60 Viv/Ha.	8.139 m ²	8	1.017 m ²
A CHABURRA	ORIXINAL CASAL		4	5.569 m ²	7,18 Viv/Ha.	5.569 m ²	3	1.856 m ²
O TARABELO	ORIXINAL NUCLEAR		43	57.224 m ²	7,51 Viv/Ha.	57.224 m ²	51	1.122 m ²
SAMOEDO - AS CORREDOIRAS	ORIXINAL POLINUCLEAR		90	130.890 m ²	6,88 Viv/Ha.	130.890 m ²	115	1.138 m ²
	TRANSICIÓN POLINUCLEAR		5	16.356 m ²	3,06 Viv/Ha.	16.356 m ²	5	3.271 m ²
SADA DE ARRIBA	ORIXINAL NUCLEAR		102	30.233 m ²	33,74 Viv/Ha.	30.233 m ²	40	756 m ²
	TRANSICIÓN NUCLEAR		28	15.181 m ²	18,44 Viv/Ha.	15.181 m ²	30	506 m ²
FONTÁN	ORIXINAL NUCLEAR		133	19.671 m ²	67,61 Viv/Ha.	19.671 m ²	150	131 m ²
SADA	ORIXINAL NUCLEAR		271	15.595 m ²	173,77 Viv/Ha.	15.595 m ²	154	101 m ²
	TRANSICIÓN NUCLEAR		1.563	92.769 m ²	168,48 Viv/Ha.	92.769 m ²	325	285 m ²
SADA RÚA DAS BRAÑAS	ORIXINAL NUCLEAR		6	22.630 m ²	2,65 Viv/Ha.	22.630 m ²	7	3.233 m ²
SADA	CONTEMPORÁNEO		493	742.060 m ²	6,64 Viv/Ha.	742.060 m ²	582	1.275 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_DISPERSAS	AC_BAJA DENSIDAD		27	11.511 m ²	23,46 Viv/Ha.	11.511 m ²	27	426 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_VIVENDAS OBREIRAS	AC_BAJA DENSIDAD		5	706 m ²	70,82 Viv/Ha.	706 m ²	5	141 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_RIOVAO	AC_BAJA DENSIDAD		13	1.309 m ²	99,31 Viv/Ha.	702 m ²	13	54 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_O TARABELO	AC_BAJA DENSIDAD		6	1.100 m ²	54,55 Viv/Ha.	1.100 m ²	6	183 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_SAMOEDO	AC_BAJA DENSIDAD		22	5.537 m ²	39,73 Viv/Ha.	5.537 m ²	22	252 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_UEI 2	AC_BAJA DENSIDAD		14	8.232 m ²	17,01 Viv/Ha.	7.168 m ²	14	512 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_ENTORNO URBANO	AC_BAJA DENSIDAD		88	19.930 m ²	44,15 Viv/Ha.	19.930 m ²	81	246 m ²
SADA (ALTA DENSIDAD)	CONTEMPORÁNEO/DENSO		2.994	184.921 m ²	161,91 Viv/Ha.	184.921 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_1	AC_ALTA DENSIDAD		50	5.594 m ²	89,38 Viv/Ha.	5.594 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_2	AC_ALTA DENSIDAD		36	4.866 m ²	73,98 Viv/Ha.	4.866 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_3	AC_ALTA DENSIDAD		23	1.617 m ²	142,24 Viv/Ha.	1.617 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_SAU 2 AS BRAÑAS	AC_ALTA DENSIDAD		293	44.029 m ²	66,55 Viv/Ha.	44.029 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_UEI 26 CANTALARRANA	AC_ALTA DENSIDAD		72	11.144 m ²	64,61 Viv/Ha.	11.144 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_UEI 5	AC_ALTA DENSIDAD		32	2.604 m ²	122,89 Viv/Ha.	2.604 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_UEI 8	AC_ALTA DENSIDAD		162	15.532 m ²	104,30 Viv/Ha.	15.532 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_UEI 13	AC_ALTA DENSIDAD		108	9.101 m ²	118,67 Viv/Ha.	9.101 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_UEI 16	AC_ALTA DENSIDAD		40	1.936 m ²	206,61 Viv/Ha.	1.936 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_UEI 17	AC_ALTA DENSIDAD		133	10.779 m ²	123,39 Viv/Ha.	10.779 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_UEI 18	AC_ALTA DENSIDAD		114	9.291 m ²	122,70 Viv/Ha.	9.291 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_UEI 19	AC_ALTA DENSIDAD		64	4.430 m ²	144,47 Viv/Ha.	4.430 m ²		
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_UEI 20	AC_ALTA DENSIDAD		107	5.449 m ²	196,37 Viv/Ha.	5.449 m ²		
SUBTOTAL VIVIENDAS ALTA DENSIDAD			4.330					
SUBTOTAL VIVIENDAS EN RURAL			930					
SUBTOTAL VIVIENDAS EN URBANO			6.297					



Topónimo	Tipo de asentamento	Número de habitantes	Número de vivendas	Superficie do asentamento (BRUTA)	Densidade de vivendas	Superficie do asentamento (NETA)	Nº de parcelas	Parcela media
SOÑEIRO (SAN XIÁN)		777						
CAMPO DE SAR COSTA	ORIXINAL POLINUCLEAR		66	96.930 m ²	6,81 Viv/Ha.	96.930 m ²	63	1.539 m ²
	TRANSICIÓN POLINUCLEAR		19	39.043 m ²	4,87 Viv/Ha.	39.043 m ²	25	1.562 m ²
ALBORELLE	ORIXINAL NUCLEAR		15	26.119 m ²	5,74 Viv/Ha.	26.119 m ²	19	1.375 m ²
MANDÍN	ORIXINAL NUCLEAR		13	28.248 m ²	4,60 Viv/Ha.	28.248 m ²	16	1.766 m ²
AS VALÍAS	ORIXINAL CASAL		5	11.526 m ²	4,34 Viv/Ha.	11.526 m ²	5	2.305 m ²
COIRO	ORIXINAL NUCLEAR		10	28.536 m ²	3,50 Viv/Ha.	28.536 m ²	11	2.594 m ²
	TRANSICIÓN NUCLEAR		5	10.394 m ²	4,81 Viv/Ha.	10.394 m ²	6	1.732 m ²
O ESPÍRITO SANTO	ORIXINAL NUCLEAR		1	9.379 m ²	1,07 Viv/Ha.	9.379 m ²	1	9.379 m ²
	TRANSICIÓN NUCLEAR		11	23.885 m ²	4,61 Viv/Ha.	23.885 m ²	12	1.990 m ²
SOÑEIRO	CONTEMPORÁNEO		195	398.502 m ²	4,89 Viv/Ha.	398.502 m ²	237	1.681 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_DISPERSAS	AC_BAJA DENSIDAD		64	28.841 m ²	22,19 Viv/Ha.	27.443 m ²	64	429 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_VILABRANCA	AC_BAJA DENSIDAD		10	8.710 m ²	11,48 Viv/Ha.	8.710 m ²	10	871 m ²
TOTAL VIVIENDAS EN RURAL			414					




Topónimo	Tipo de asentamento	Número de habitantes	Número de vivendas	Superficie do asentamento (BRUTA)	Densidade de vivendas	Superficie do asentamento (NETA)	Nº de parcelas	Parcela media
VEIGUE (SANTA COMBA)		415						
CHAN DE ALDEA O QUINTÁN	ORIXINAL POLINUCLEAR	0	30	48.532 m ²	6,18 Viv/Ha.	48.532 m ²	42	1.156 m ²
	TRANSICIÓN POLINUCLEAR	0	37	62.918 m ²	5,88 Viv/Ha.	62.918 m ²	47	1.339 m ²
A FRAGA	ORIXINAL CASAL	0	3	2.145 m ²	13,99 Viv/Ha.	2.145 m ²	3	715 m ²
CIRRO	ORIXINAL CASAL	0	2	1.534 m ²	13,04 Viv/Ha.	1.534 m ²	2	767 m ²
SAN PEDRO	ORIXINAL CASAL	0	1	2.135 m ²	4,68 Viv/Ha.	2.135 m ²	1	2.135 m ²
SOUTILO	TRANSICIÓN NUCLEAR	0	7	6.413 m ²	10,92 Viv/Ha.	6.413 m ²	8	802 m ²
O CHAN DA AGRA	TRANSICIÓN NUCLEAR	0	6	12.049 m ²	4,98 Viv/Ha.	12.049 m ²	10	1.205 m ²
VEIGUE	CONTEMPORÁNEO	0	254	454.528 m ²	5,59 Viv/Ha.	454.528 m ²	299	1.520 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_SAU 3 PRAIA SAN PEDRO DE VEIGUE	AC_BAJA DENSIDAD	0	36	64.583 m ²	5,57 Viv/Ha.	37.122 m ²	18	2.062 m ²
ACTUACIÓNS CONXUNTAS_DISPERSAS	AC_BAJA DENSIDAD	0	33	15.721 m ²	20,99 Viv/Ha.	15.721 m ²	33	476 m ²
TOTAL VIVIENDAS EN RURAL			409					




ANEXO 2 CENSOS E PADRÓNS OFICIAIS DE HABITANTES

	ANO									
	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009
TOTAL POBLACIÓN SADA	11.015	11.351	11.686	11.963	12.453	12.867	13.134	13.606	14.036	14.487



CARNOEDO (SAN ANDRES)	941	940	952	975	977	936	947	966	994	997
AGRA	49	49	49	47	48	49	47	51	55	60
AGRA	49	49	49	47	48	49	47	51	55	60
CAMPO DA CRUZ	46	46	46	44	42	44	49	48	48	50
DISEMINADO	46	46	46	44	42	44	49	48	48	50
CAMPO DAS MANTAS	76	77	77	77	77	64	66	64	64	72
CAMPO DAS MANTAS	76	77	77	77	77	64	66	64	64	72
CARBALLO	26	22	20	23	22	21	19	24	23	21
DISEMINADO	26	22	20	23	22	21	19	24	23	21
CHAN DA ALDEA	64	63	63	59	60	55	54	57	60	54
CHAN DA ALDEA	64	63	63	59	60	55	54	57	60	54
FONTE GRANDE	49	47	45	50	43	51	49	50	52	55
FONTE GRANDE	49	47	45	50	43	51	49	50	52	55
LAMELA	52	57	59	64	68	62	62	64	65	59
LAMELA	52	57	59	64	68	62	62	64	65	59
PEDREIRA	37	31	34	42	45	45	39	43	43	42
PEDREIRA	37	31	34	42	45	45	39	43	43	42
SEIJO	44	51	50	59	53	55	55	56	58	57
SEIJO	44	51	50	59	53	55	55	56	58	57
SOUTO	207	216	225	231	230	208	227	228	228	228
SOUTO	207	216	225	231	230	208	227	228	228	228
TAIBO	190	184	186	182	193	188	186	192	211	214
TAIBO	190	184	186	182	193	188	186	192	211	214
ESPIÑEIRO	57	57	59	65	66	64	65	62	60	57
DISEMINADO	57	57	59	65	66	64	65	62	60	57
PEREIRA	44	40	39	32	30	30	29	27	27	28
DISEMINADO	44	40	39	32	30	30	29	27	27	28


MEIRAS (SAN MARTIN)	745	783	807	822	842	878	921	941	998	1025
CIMAS	68	65	64	68	66	66	75	72	73	72
CIMAS	68	65	64	68	66	66	75	72	73	72
MOLINO DE VIENTO	49	49	49	53	49	45	48	51	53	52
MOLINO DE VIENTO	49	49	49	53	49	45	48	51	53	52
PINEIRO	168	184	189	176	176	191	208	222	216	227
PINEIRO	168	184	189	176	176	191	208	222	216	227
SOUTO DA IGLESIA	129	136	144	151	165	168	166	167	180	186
DISEMINADO	129	136	144	151	165	168	166	167	180	186
TORRON	36	35	37	37	42	44	44	43	43	41
DISEMINADO	36	35	37	37	42	44	44	43	43	41
TUMBADOIRO	34	34	36	41	38	37	34	32	32	27
DISEMINADO	34	34	36	41	38	37	34	32	32	27
VILAR	127	136	140	136	141	145	152	155	157	155
VILAR	127	136	140	136	141	145	152	155	157	155
CAÑOTA	19	22	22	23	27	30	32	32	39	44
DISEMINADO	19	22	22	23	27	30	32	32	39	44
PE DO MUINO	63	67	67	70	73	83	90	88	98	99
DISEMINADO	63	67	67	70	73	83	90	88	98	99
TORNOS (OS)	41	44	49	57	55	60	63	61	64	62
DISEMINADO	41	44	49	57	55	60	63	61	64	62
VALO (O)	11	11	10	10	10	9	9	18	43	60
DISEMINADO	11	11	10	10	10	9	9	18	43	60




MONDEGO (SAN JULIAN)	641	682	697	712	737	771	791	816	859	862
AMEXEIRAL	108	115	130	134	132	130	133	155	152	163
AMEXEIRAL	108	115	130	134	132	130	133	155	152	163
CARTA	94	95	97	95	112	150	167	165	188	196
CARTA	94	95	97	95	112	150	167	165	188	196
FORTIÑON	112	114	115	124	115	112	111	109	126	124
FORTIÑON	92	90	89	94	85	81	80	73	79	77
URBANIZACION FORTIÑON	20	24	26	30	30	31	31	36	47	47
GRANJA	36	40	33	27	32	38	35	44	47	48
GRANJA	36	40	33	27	32	38	35	44	47	48
QUINTAN	90	100	99	95	108	104	103	96	102	101
QUINTAN	90	100	99	95	108	104	103	96	102	101
TRASIN	57	60	68	64	63	60	57	52	50	44
DISEMINADO	57	60	68	64	63	60	57	52	50	44
VERTIN	44	46	45	57	57	56	66	66	66	59
VERTIN	44	46	45	57	57	56	66	66	66	59
LACERE	36	39	41	45	46	53	51	58	57	59
DISEMINADO	36	39	41	45	46	53	51	58	57	59
LAGOA (A)	64	73	69	71	72	68	68	71	71	68
DISEMINADO	64	73	69	71	72	68	68	71	71	68

MOSTEIRON (SAN NICOLAS)	231	235	230	234	237	250	266	277	278	270
ESPERELA	43	43	43	43	44	44	51	56	53	50
DISEMINADO	43	43	43	43	44	44	51	56	53	50
MACHADO	65	65	62	58	61	67	75	77	78	72
DISEMINADO	65	65	62	58	61	67	75	77	78	72
MOSTEIRON	34	37	36	40	42	45	49	56	55	54
DISEMINADO	34	37	36	40	42	45	49	56	55	54
SOUTO VELLO	68	68	67	65	66	67	66	58	58	60
SOUTO VELLO	68	68	67	65	66	67	66	58	58	60
CACHARRETE	21	22	22	28	24	27	25	30	34	34
CACHARRETE	21	22	22	28	24	27	25	30	34	34

OSEDO (SAN JULIAN)	841	860	899	915	924	922	916	942	977	1009
CASTELO	221	239	256	253	261	258	258	263	273	286
CASTELO	184	197	204	198	195	196	198	204	214	218
CASTELIÑO	37	42	52	55	66	62	60	59	59	68
CASTRO (O)	235	228	236	242	234	238	255	253	248	252
CASTRO (O)	235	228	236	242	234	238	255	253	248	252
OSEDO	148	165	170	174	179	179	178	182	184	191
OSEDO	148	165	170	174	179	179	178	182	184	191
SEIJEDA	165	153	159	169	163	159	134	148	175	170
SEIJEDA	165	153	159	169	163	159	134	148	175	170
FRAGA	37	37	36	34	39	36	36	42	47	51
DISEMINADO	37	37	36	34	39	36	36	42	47	51
XAN AMIGO	35	38	42	43	48	52	55	54	50	59
DISEMINADO	35	38	42	43	48	52	55	54	50	59



SADA (SANTA MARIA)	6626	6851	7105	7283	7685	8049	8223	8557	8800	9132
FONTAN	692	713	739	743	741	752	740	770	782	787
FONTAN	692	713	739	743	741	752	740	770	782	787
PAZOS	129	140	141	140	159	168	187	196	197	205
PAZOS	129	140	141	140	159	168	187	196	197	205
RIOBAO	230	240	240	235	255	259	255	253	260	270
RIOBAO	230	240	240	235	255	259	255	253	260	270
SADA	4755	4916	5118	5267	5625	5926	6075	6370	6549	6848
SADA	4755	4916	5118	5267	5625	5926	6075	6370	6549	6848
SADADARRIBA	195	209	221	227	222	229	237	236	268	270
SADADARRIBA	195	209	221	227	222	229	237	236	268	270
SAMOEDO	366	370	376	397	401	434	458	476	500	505
SAMOEDO	366	370	376	397	401	434	458	476	500	505
SERRA	39	33	31	37	39	36	39	36	34	35
DISEMINADO	39	33	31	37	39	36	39	36	34	35
TARABELO	190	198	203	200	200	199	189	179	171	177
TARABELO	190	198	203	200	200	199	189	179	171	177
VELOI	30	32	36	37	43	46	43	41	39	35
VELOI	30	32	36	37	43	46	43	41	39	35
SOÑEIRO (SAN JULIAN)	649	647	634	649	667	688	674	707	724	777
ALBORELLE	64	68	65	64	66	63	62	66	61	61
ALBORELLE	64	68	65	64	66	63	62	66	61	61
CAMPO DE SAR	44	43	39	38	38	38	35	36	35	35
CAMPO DE SAR	44	43	39	38	38	38	35	36	35	35
COIRO	100	99	90	92	88	93	82	91	104	121
COIRO	100	99	90	92	88	93	82	91	104	121
COSTA	99	93	103	105	107	107	105	103	105	107
COSTA	99	93	103	105	107	107	105	103	105	107
ESPIRITUSANTO	76	70	67	68	70	61	49	45	43	51
ESPIRITUSANTO	76	70	67	68	70	61	49	45	43	51
MANDIN	232	240	236	246	262	292	309	333	346	371
MANDIN	220	227	222	229	244	274	290	314	331	360
VILLABLANCA	12	13	14	17	18	18	19	19	15	11
CABILDOS (OS)	12	12	14	16	19	15	15	16	16	16
DISEMINADO	12	12	14	16	19	15	15	16	16	16
VALIAS (AS)	22	22	20	20	17	19	17	17	14	15
DISEMINADO	22	22	20	20	17	19	17	17	14	15
VEIGUE (SANTA COLUMBA)	341	353	362	373	384	373	396	400	406	415
CIRRO	37	40	44	40	37	37	36	39	39	45
CIRRO	37	40	44	40	37	37	36	39	39	45
CHAN DA ALDEA	58	57	57	57	57	58	58	51	54	51
CHAN DA ALDEA	58	57	57	57	57	58	58	51	54	51
FRAGA	117	120	119	123	127	120	116	111	103	102
FRAGA	117	120	119	123	127	120	116	111	103	102
QUINTAN	27	29	25	28	26	24	30	29	37	37
DISEMINADO	27	29	25	28	26	24	30	29	37	37
SAN PEDRO	17	21	24	28	36	33	47	48	47	46
DISEMINADO	17	21	24	28	36	33	47	48	47	46
SOUTILO	44	46	51	48	46	49	52	58	60	61
DISEMINADO	44	46	51	48	46	49	52	58	60	61
VALEXA	41	40	42	49	55	52	57	64	66	73
DISEMINADO	41	40	42	49	55	52	57	64	66	73



ANEXO 3

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA LISTADO DE TOPONIMIA OFICIAL

A toponimia oficial elaborouse con base nos **principios normativos** seguintes:


- **Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística** (DOG 14.07.1983). No seu artigo 10 establece:

1. Os topónimos terán como única forma oficial a galega.
2. Corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos municipios, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia. O nome das vías urbanas será determinado polo Concello correspondente.
3. Estas denominacións son as legais a tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elas. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización da rotulación pública respectando en tódolos casos as normas internacionais que subscriba o Estado.

- **Decreto 43/1984, do 23 de marzo**, polo que se regulan as funcións e a composición da Comisión de Toponimia (DOG do 31.03.1984), modificado polo Decreto 174/1998, do 5 de xuño (DOG do 22.06.1998)

- **Decreto 132/1984, do 6 de setembro**, polo que se establece o procedemento para a fixación ou recuperación da toponimia de Galicia (DOG do 21.09.1984).

A toponimia da provincia da Coruña está recollida no **Decreto 189/2003, do 6 de febreiro (DOG do 25.03.2003)**:



PARROQUIA	LUGARES
Carnoedo (Santo André)	Agra
	Brañas, As
	Campo da Cruz
	Campo das Mantas
	Carballo, O
	Carreira, A
	Chan da Aldea, O
	Espiñeiro
	Fonte Grande
	Fonte Nova, A
	Fonterrota
	Foxo, O
	Gaiba
	Lamela, A
	Pedreira, A
	Pega, A
	Pereira, A
	Pereiros, Os
	Ríos
	Salto
	Seixo
	Sobre da Vila
	Souto
Taibó	
Torres, As	
Xesteira, A	

PARROQUIA	LUGARES
Meirás (San Martiño)	Agras, As
	Cañota, A
	Cimás
	Cruceiro, O
	Encrucillada, A
	Muíño do Vento
	Pé do Muíño, O
	Peredo
	Piñeiro
	Redondo, O
	Regueira, A
	Senra
	Souto da Igrexa
	Tornos, Os
	Torrón
	Tumbadoiro
	Valía, A
	Valo, O
Vilar	

PARROQUIA	LUGARES
Mondego (San Xián)	Agra Pequena
	Ameixeiral
	Capela, A
	Carta
	Fontoira
	Fortiñón
	Granxa, A
	Illós, Os
	Lácere
	Lagoa, A
	Lamela, A
	Mazón
	Pampillal, O
	Quintán
	Trasín
	Valo, O
Vertín	


PARROQUIA	LUGARES
Mosteirón (San Nicolao)	Cacharrete
	Carballal, O
	Catro Esquinas, As
	Esperela, A
	Machado
	Mosteirón
	Outeiro
	Souto Vello
	Vista Alegre

PARROQUIA	LUGARES
Osedo (San Xián)	Agra das Arcas, A
	Caño
	Carballal, O
	Carballiño, O
	Casteliño, O
	Castelo
	Castro, O
	Couto, O
	Fraga, A
	Gateñas, As
	Loureiro, O
	Miñovedro
	Osedo
	Regas, As
	Seixeda
	Seixo, O
	Senra, A
	Torrente
	Xan Amigo


PARROQUIA	LUGARES
Sada (Santa María)	Barros, Os
	Beloi
	Chaburra, A
	Couto, O
	Fontán
	Grela, A
	Pazos
	Ramalleira, A
	Riovaio
	Sada
	Sada de Arriba
	Samoedo
	Serra
Tarabelo, O	

PARROQUIA	LUGARES
Soñeiro (San Xián)	Agra
	Agras, As
	Alborelle
	Cabidos, Os
	Campo de Sar
	Coiro
	Costa
	Cova, A
	Espírito Santo, O
	Fonte Boa
	Fonte da Vila
	Mandín
	Valías, As
	Vilabranca


PARROQUIA	LUGARES
Veigue (Santa Comba)	Besta, A
	Chan da Agra, O
	Chan da Aldea
	Cirro
	Creba o Carro
	Cruceiro, O
	Faramenga, A
	Fraga, A
	Lagos, Os
	Lapa
	Ortiga, A
Quintán, O	



ANEXO 4
PLANOS-FICHA DO ESTUDO DA PAISAXE
FICHAS DE UNIDADES DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



PLANOS-FICHA DO ESTUDO DA PAISAXE




UNIDADE LITORAL	UNIDADE INTERIOR, PAISAXE ARTÁBRICA	UNIDADE POBOACIONAL, ASENTAMENTOS
LITORAL	SOLOS RURAIS	NÚCLEOS URBANOS
CANTIS	ESPAZOS DE RIBEIRA	NÚCLEOS HISTÓRICO-TRADICIONAIS
PRAIAS	BRAÑAS	NÚCLEOS SUBURBANOS

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL ANXEL L. MONTEOLIVA DÍAZ, ARQUITECTO	ESTUDO DA PAISAXE UNIDADES DE PAISAXE	CÓDIGO DE PLANO: EP-01
		1 / 5.000

SADA






FICHAS DE UNIDADES DO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Sada; Bergondo; Oleiros. Parroquia: Sta María de Sada ocupa o sector costeiro; S. Xoán de Ouces, ocupa un sector ao sueste desta; S. Xoán de Lubre no sector centro-sur; Sta María de Guisamo e Sta. Marta de Babío no sector meridional; S. Xián de Osedo e S. Nicolao de Mosteirón no sector centro-occidental; Sta. María de Oleiros nunha esquina ao oeste de Osedo; S. Xián de Soneiro no extremo suroeste; S. Martiño de Meirás no sector oeste e noroeste; S. Xián de Mondego e S. André de Carnoedo na parte norte e noreste; Sta. Comba de Veigue, nunha esquina no extremo norte. Extensión: 25,20km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Ampla cunca circular labrada sobre a antiga superficie aplanada dos 100/200m, hoxe bastante degradada por unha rede fluvial densa aínda que de pouca entidade e xerarquización. Fórmanse varios vales asimétricos coas vertentes sur máis empinadas, suceso de orixe estrutural. A rede fluvial únese para formar unha chaira costeira estreita, parcelada e que presenta pequenas cuncas nas que se forman áreas hidromorfas. A fronte é areoso, aínda que o antigo complexo está hoxe estragado polo asentamento da vila de Sada.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade baixo o Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistos e cuarzoístos, de idade precámbrico-silúrica. Aparecen varios enclaves de xistos filíticos, orientados case claramente no este e noreste da unidade. No Cuaternario importa o holoceno costeiro areoso e os sedimentos detríticos aluviais existentes nas Gándaras de Sada.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A ampla cunca de Sada inclúese no dominio climático Cálido e Subhúmido: temperatura media anual maior de 15°C aínda que é lixeiramente máis fresca na súa cabeceira sen baixar de 14°C, e oscilación térmica en torno a 13°C. As precipitacións son homoxéneas en toda a unidade acadando valores entre 1000mm e 1200mm ao longo do ano.

OS SOLOS

O sector noreste presenta un pouco evolucionado umbrisol dístico. O resto da unidade ten dous tipos de solos: A ampla cunca central e os corredores deprimidos do Río Maior teñen fluvisois hápticos en virtude da dinámica de vertente e a acumulación de sedimentos coluviais e aluviais. As suaves vertentes superiores presentan cambisols eútricos, menos potentes e aptos para a agricultura que os anteriores. Se Sada presenta antrosols no seu núcleo urbano, as gándaras traseiras das Brañas e Río Maior desenvolven gleisols.


AS AUGAS

Unidade que verte á masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096). A cunca de Sada fórmase unha serie de arrosos que, procedentes de distintas direccións, se encontran pouco antes do areal. Desde o sur chega o Rego Maior que recolle as augas dos arrosos de Guinlle e do Casal, mentres que do oeste e norte chegan os cursos fluviais do Fontoira e do Río Vao para formar unha pequena área hidromorfa composta de lagoa e brañas antes de unirse ao Rego Maior no núcleo de Sada.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade mixta con cantís e praias, moi transformado polo desenvolvemento urbanístico. Aparecen o hábitat 1230 de cantís atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados -en plataformas e praias ao pé acantilado-. As dunas da praia de Sada foron completamente ocupadas. Nunha área que antigamente debeu de ser unha lagoa costeira, restan hoxe zonas de auga libre nun ambiente hidromorfo (As Brañas), podéndoas considerar como un 1150, "Lagoas costeiras". A estas masas de auga libre as acompaña un espazo hidromorfo de similar extensión, con hábitats de prados húmidos do 6420 e 6430. A este hai que engadir outro de menor superficie existente no Rego Maior en Samoedo. Pequenos rodais de frondosas caducifolias que proceden tanto de recolonizacións a partir do abandono das actividades agrarias e de antigas carballeiras e soutos. Destacan as masas ripícolas (91E0) das Brañas de Sada (21ha) e as do río Vao (aproximadamente 12ha). As non ripícolas inclúense nos hábitats 9230 e 9260 e ocupan as vertentes altas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O mosaico de parcelas agrícolas perdeu a continuidade que o caracterizaba noutra época, debido ao abandono das actividades agrarias e a introdución de novos usos. Aparecen numerosas bolsas de solo dispersas ao longo do territorio, ocupadas por desenvolvementos residenciais. Tamén hai abundantes masas arbóreas, na maior parte dos casos inconexas entre si, que manteñen certa continuidade unicamente cando están ligadas a algunha canle de auga, como ocorre coa parte media do curso do Río Maior e a parte alta do Rego de Seixeda, que presentan masas vexetais ripícolas de certa entidade. Nas partes altas das ladeiras dos montes que delimitan a unidade (Montes das Monxas, de Lácere e Taibo ao norte, e Monte Babío ao sur) a cobertura de bosque de repoboación garda tamén unha destacable continuidade. Na fronte litoral figuran os usos urbanos máis intensos, xunto con usos turísticos derivados da atracción das súas praias.

MORFOLOXÍA

Sada, Núcleo de Identidade Litoral, é o núcleo de poboación máis importante da unidade, ocupando a totalidade da súa fronte litoral. As civilizacións castrexa, fenicia e romana asentaron as bases desta poboación que alcanza o seu desenvolvemento no s.XVII coa fundación de industrias téxtiles e pesqueiras, e que reflicte na súa estrutura urbana a importancia histórica do núcleo. Organizado ao longo dunha vía paralela á liña de costa, trátase dun núcleo compacto e denso, cun desenvolvemento escaso cara ao interior debido aos condicionantes xeográficos. O territorio interior da unidade estruturárase mediante diferentes núcleos tradicionais, que se asentaron nas ladeiras dos vales do río Vao (Riovao, Souto ou Taibo), regacho de Fontoira (Serra, Osedo ou Carta), rego de Seixeda (O Castro, Campo de Sar, Castelo) e do río Maior (Lubre ou Armuño). Os crecementsos contemporáneos producíronse ao longo das vías de comunicación seguindo patróns de extensivos e dando lugar a unha escena de urbanización difusa.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O tecido viario ten unha marcada tendencia converxente cara ao núcleo de Sada. As conexións principais están constituídas pola estrada AC-162 (Sada-Bergondo), paralela á costa, a C-0812 que conecta coa N-VIN en Espírito Santo, a AC-183 que conecta polo interior cos núcleos de Santa Cruz e Mera (Oleiros), e polo norte a saída da AC-163 Sada-Mera. Outras estradas radiais (como a C-5813 ou a C-0813) e de conexión entre as anteriores (como a C-0803) completan un denso armazón viario. Coincidindo sensiblemente con parte do límite sur da unidade discorre a estrada N-VIN. Ao norte de Sada, integrado xa na unidade norte de Costa de Carnoedo, localízase o porto de Sada-Fontán.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Son moi abundantes os exemplos de patrimonio arqueolóxico que se atopan nesta unidade, especialmente nos montes que a delimitan, como son os Castros de Pazos, o Castro de Taibo, de Meirás, de Guísamo ou o de Santa Marta de Babío. No interior da unidade, os máis importantes son o de Tarabelo, o de Samoedo, o de Riobao e o de Lubre. Entre os exemplos de patrimonio arquitectónico da capital destacan a Terraza (edificio modernista convertido no símbolo da cidade), o "colexio de Sada" (outro edificio modernista) ou a igrexa parroquial de Santa María. O asentamento de Osedo conserva una estrutura defensiva militar coñecida como O Casteliño (BIC), numerosos elementos de patrimonio etnográfico, ademais da igrexa parroquial de San Xián. En Meirás as construcións máis relevantes son a igrexa de San Martiño e a Capela de Piñeiro. Ademais, son numerosos os Pazos e as Casas grandes distribuídos por todo o territorio, entre os que destacan o Pazo de Meirás (BIC), Pazo de Armuño en Lubre, Pazo de Fortiñón, Pazo de Castro de Enriba ou a Casa Barrié en Mondoego.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade caracterízase por ter un relevo suave, sen uns límites físicos de especial potencia que o delimiten visualmente, e unha importante rede fluvial que forma pequenos vales, con numerosas masas vexetais de bosque de ribeira asociadas aos diferentes cursos de auga. Existe unha clara diferenciación entre as características da fronte litoral, cun patrón urbano de alta densidade edificatoria, moi concentrado e consolidado, e o modelo de organización das valgadas interiores, mediante unha urbanización difusa apoiada na densa rede de vías de comunicación. Con todo, existe unha clara dependencia funcional de toda a unidade cara ao núcleo urbano de Sada, que se reflicte na rede de comunicacións, converxente neste punto.

DINÁMICA DA PAISAXE

O modelo tradicional de ocupación do territorio apoiábase nun núcleo principal (Sada) que centralizaba as funcións representativas, administrativas e industriais e relegaba os labores produtivos a unha serie de núcleos distribuídos entre as terras de cultivo, situadas en vales de suave pendente regados por numerosos cursos de auga. Co paso do tempo, a importancia de Sada consolidouse, cun crecemento intenso do núcleo ao longo do litoral debido á aparición de novas actividades vinculadas á utilización do litoral como recurso turístico. Doutra banda, o retroceso da actividade agraria propiciou, en parte, que o modelo de desenvolvemento dos núcleos do interior abandone os tradicionais principios de compacidade. Prodúcese entón un fenómeno urbanizador de baixa densidade, xeralmente ao longo das vías de comunicación posto que os labores produtivos non se realizan xa nas terras inmediatas ao domicilio.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha unidade de gran superficie cunha franxa costeira reducida, na que se enclava o Núcleo Identidade do Litoral de Sada, o que fai que en ocasións a lectura do territorio se realice mediante parámetros máis propios de paisaxes de interior (con referencias ás canles dos ríos, as elevacións intermedias...) que de litoral. Nesta unidade figuran elementos de alto interese tanto natural como patrimonial, que lle confiren ao territorio unha elevada diversidade e complexidade de gran valor, o que xera a relación entre o soporte físico e as intervencións antrópicas que nel se suceden. Deste xeito, pódese ver con claridade como os numerosos castros que encadran o ámbito establecen relacións visuais ao longo dos diferentes vales até a fronte litoral, no punto onde hoxe se sitúa o núcleo urbano. Estas conexións lonxitudinais atópanse hoxe interrompidas pola barreira visual que constitúe a edificación costeira, aínda que o relevo considerablemente plano da unidade posibilita perspectivas transversais entre os puntos máis elevados desta. Tamén se xeran desde a fronte litoral conexións visuais coa parte máis exterior da ría de Betanzos, particularmente coa costa de Miño e Perbes.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS








A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:21.515

0 100 200 400 600 800 Metros


Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29







1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rias de Ares e Betanzos. Concello: Sada. Parroquia: Santo André de Carnoedo; Santa María de Sada, no sector máis meridional. Extensión: 1,78km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Cantís con praias unidas ao pé, parede vertical e moi dinámica, e teito aplanado ou en suave pendente. A pendente das vertentes aumenta cara a NO, por un posible levantamento tectónico que leva a unha maior degradación hídrica frontal.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade do Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistos e cuarzoaxistos, de idade precámbrico-silúrica, cos que se intercalan estreitas bandas de xistos filíticos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente costeira pertencente ao dominio climático Cálido e Subhúmido: precipitación acumulada anual entre 1000mm e 1200mm e a temperatura media acada valores por riba dos 15°C. Oscilación térmica media anual entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

A costa de Carnoedo é acantilada, e con certa pendente nas vertentes inferiores, sobre todo na parte noroeste. Así, case toda a unidade contén umbrisol dístico. A esquina noroeste presenta un cambisol eútrico.


AS AUGAS

Vertente costeira de escasa prolongación continental polo que a súa rede fluvial é pouco significativa e tan só desenvolven pequenas valgas que verten á masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096).

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade mixta con cantís e praias intermareais ao pé. Destacan o hábitat 1230 de cantís atlánticos e o 1210 de vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados tendo en conta que son habituais as plataformas e as praias de pé acantilado. A área está moi transformada e é estreita, sen cursos fluviais, polo que nin matos costeiros nin espazos arbóreos autóctonos puros conforman a cobertura vexetal natural. Só se poden destacar dúas masas mixtas en Castro Loureiro e Chan da Aldea.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na Costa de Carnoedo predomina o uso agrícola do solo, cun parcelario que se organiza en terrazas de directriz paralela á costa para salvar a pendente do terreo. No seu límite norte, na ladeira do alto do Calzado, o bosque de repoboación esténdese até a fronte costeira. Tamén figuran masas arbóreas de notable entidade e continuidade na fronte litoral da parte central da unidade, á altura de Castro de Loureiro. O extremo suroriental acolle intensos usos urbanos e industriais, xa que o crecemento de Sada cara ao norte levou á unión co do núcleo tradicional de Fontán, e é neste ámbito onde se sitúa o porto de Sada.

MORFOLOXÍA

Os dous núcleos de poboación que tradicionalmente ocuparon este espazo son o de Fontán, en Punta da Herba (extremo suroriental da unidade) e Chan de Aldea (parroquia de Carnoedo), na ladeira este do Monte de Taibo, a uns 100 metros sobre o nivel do mar. O primeiro tratábase dun pobo mariñeiro de tradicional actividade pesqueira, que foi absorbido polo crecemento de Sada ao longo da costa, formando unha fachada marítima continua e aglutinando as actividades industriais e pesqueiras da entidade. Chan de Aldea responde á tipoloxía de núcleos compactos vinculados aos labores agrarios, situado no centro das terras de cultivo. Os desenvolvementos residenciais que leva aparelado realízanse fundamentalmente mediante unha tipoloxía de residencia unifamiliar illada que se apoia nas vías de comunicación, desvinculándose do asentamento orixinal.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O pequeno tamaño do ámbito e a pendente relativamente forte da súa franxa litoral fan que a rede viaria non sexa especialmente densa e que se condense na parte máis interior, que é á súa vez a máis chaira. A estrada AC-163 que conecta Sada con Mera (Oleiros) e a C-7506 que conflúe coa anterior ao oeste de Fontán, limitan a unidade polo sur, xa que transcorren ao longo dos altos de Figueiras e Castro de Loureiro. O resto de vías, que utilizan camiños tradicionais de acceso ás parcelas agrícolas, concéntranse nas proximidades do núcleo de Chan de Aldea, dotando a esta zona de conectividade lonxitudinal e transversal. En canto á infraestrutura marítima, neste ámbito sitúase o porto pesqueiro e deportivo de Sada-Fontán, que recentemente viu incrementada a súa superficie coa creación do porto deportivo "Marina Sada".

PATRIMONIO HISTÓRICO

Entre os restos arqueolóxicos, o depósito máis importante supón o Castro de Pazos ou de Loureiro, a 76 metros sobre o nivel do mar próximo á Punta Arnela. As ruínas do Castelo de Fontán (BIC), de orixe medieval, aínda se conservan na Punta de Fontán, á beira do porto. En canto a patrimonio construído, na parroquia de Carnoedo rexístranse numerosos elementos de valor etnográfico, ademais da Igrexa parroquial de Santo André de Carnoedo ou a capela de San Mamede. En Fontán están catalogadas algunhas casas mariñeiras que se conservan da estrutura tradicional do asentamento.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Este ámbito supón un claro exemplo das paisaxes de vertentes de pendente moderada, que se abre á parte exterior da ría de Betanzos cunha fronte acantilada de desenvolvemento medio. A unidade paisaxística presenta un carácter de transición entre dúas dinámicas imperantes. Por unha banda, está moi condicionada pola presenza das instalacións portuarias de Sada-Fontán e a alta densidade edificatoria que presenta esta poboación, no extremo suroccidental. Esta forte antropización contrasta coa paisaxe do resto do ámbito, que acolle actividades pero cunha intensidade menor, mantendo as características naturais da contorna menos alteradas. Esta área respecta aínda en boa medida os patróns tradicionais de ocupación, caracterizándose por manter unha estrutura parcelaria adaptada á morfoloxía do terreo, cunha combinación de usos agrícolas (en retroceso) e incipientes usos forestais e residenciais de baixa densidade.

DINÁMICA DA PAISAXE

A evolución desta paisaxe seguiu dúas tendencias moi diferenciadas, cada unha delas relacionada cun dos dous núcleos de poboación tradicionais. Por unha banda, destacan os procesos de crecemento residencial e incremento de actividades industriais de Fontán, coa introdución de tipoloxías edificatorias novas e a alteración do tecido urbano tradicional, até formar un continuo urbano co núcleo de Sada. Chan de Aldea, pola contra, presenta poucas modificacións no seu núcleo orixinal, xa que o crecemento se desenvolveu dun modo periférico e disperso ao seu ao redor, fomentado polo retroceso da actividade agrícola e o consecuente abandono das parcelas agrarias. Este fenómeno favorece, ao mesmo tempo, que se incremente a superficie forestal, xa que a práctica totalidade dos bosques de repoboación que poboan a parte central da unidade ocupan terreos anteriormente agrícolas.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os maiores valores paisaxísticos deste ámbito son aqueles que nos facilitan a comprensión das dinámicas ás que se viu sometido ao longo do tempo. Deste xeito a xeografía da unidade (o estreito fondo sumado á pendente suave até o límite interior) permítenos unha percepción do espazo relativamente homoxénea e completa, entendendo as relacións entre os distintos elementos (núcleos, masas forestais, fronte litoral) que o caracterizan. Este entendemento do conxunto realízase con facilidade desde a costa oposta da ría, desde a zona de Perbes ou a Illa Carboeira. As conexións visuais e espaciais do litoral dentro da propia unidade son, con todo, menos evidentes, pola dificultade para abarcar o conxunto desde a súa costa. A fronte litoral está composta por formacións acantiladas con cobertura vexetal de especial valor, que lle confiren á costa un especial interese ambiental.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000


0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29





1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rias de Ares e Betanzos. Concello: Sada. Parroquia: Santo André de Carnoedo; Santa Comba de Veigue, na esquina noroeste. Extensión: 1,18km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa acantilada que destaca en potencia con respecto ás anexas ao estar formada polo labio máis erguido dun basculamento tectónico que afecta un pequeno sector costeiro, o dos cantís de Carnoedo. Aparecen así potentes cantís moi dinámicos, de vertentes superiores con pendente notable.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade pertencente ao Dominio da "Serie de Ordes", composta por materiais metamórficos xistos e cuarzoxistos, de idade precámbrico-silúrica. O noreste da unidade está atravesado por unha banda de xistos filíticos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Sector acantilado con temperatura media anual que supera os 14°C e precipitacións medias acumuladas entre 1000mm e 1200mm. A oscilación térmica acada valores medios entre 12,5°C e 13,5°C. Ambiente climático Cálido e Subhúmido.

OS SOLOS

A metade superior da unidade desenvolve cambisols eútricos, mentres as pendentes vertentes inferiores teñen solos menos evolucionados, os umbrisoils dísticos.


AS AUGAS

Unidade acantilada sen rede fluvial significativa na que cómpre destacar na súa parte central a valga da Regueira que verte á masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096).

O PATRIMONIO NATURAL

Costa acantilada que desenvolve o hábitat 1230 de cantís atlánticos, ademais do 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Este último aproveita plataformas rochosas e praias de cantos. Zona de monte arborado, as frondosas autóctonas caducifolias só poden encontrarse formando masas mixtas cos eucaliptos e os piñeiros ou nalgún pequeno rodal de ripícolas (91E0) ou dos de hábitats 9230 ou 9260 en Fonte da Regueira.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A práctica totalidade do territorio deste ámbito dedícase a usos forestais, ben sexan de repoboación con eucaliptos e piñeiros (na súa maioría) ou masas de vexetación mixta con presenza de especies autóctonas. Nas partes altas da val desenvólvese certa vexetación de ribeira asociada á vía da Regueira, así como unha superficie de cultivo nas zonas máis elevadas e chás dos espigóns que delimitan a unidade cara ao interior.

MORFOLOXÍA

A unidade está delimitada ao sueste polos pequenos asentamentos de Campo da Cruz e O Carballo e polo de Agra cara ao sur, dos que dependen as terras de cultivo anteriormente mencionadas. Porén, non existe dentro do ámbito ningún núcleo de poboación, xa que a topografía que presenta dificulta os asentamentos.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As características topográficas da unidade condicionan fortemente a implantación de infraestruturas de comunicación, ata o punto de que non existe en toda a paisaxe ningunha estrada ou vía de relevancia. Consérvanse, iso si, os camiños tradicionais de acceso ao fondo da val ou á fronte litoral, que adaptan a súa xeometría e trazado ao terreo. Nas partes altas, onde a menor pendente do solo o permite, esta rede complicase lixeiramente, aparecendo as únicas pistas asfaltadas da unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O único ben cultural catalogado que se encontra neste ámbito é o Castro de San Amandi, castro costeiro da Idade de Ferro situado na Punta de San Mamede.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A característica diferenciadora desta paisaxe é a súa condición de gran cantil convexo, xa que é o único exemplo deste tipo de unidade paisaxística (A2) que encontramos en toda a Costa do Golfo Ártabro. É, polo tanto, dobremente singular: por presentar unhas características xeomorfolóxicas especialmente valiosas, e por facelo ademais nunha parte da costa da que non son propias. Por estes motivos esta unidade foi considerada como Espazo de Interese Paisaxístico do litoral. A potencia das formacións topográficas que conforman a unidade (val encaixado entre dous diques que caen en ladeiras de forte pendente desde os 100-125 metros de altura), así como a práctica ausencia de intervencións antrópicas en todo o medio, supón os trazos definitivos desta paisaxe.

DINÁMICA DA PAISAXE

En liñas xerais, a paisaxe desta unidade experimentou moi poucas modificacións ao longo do tempo, xa que as intervencións antrópicas foron moi escasas. Cómpre destacar, porén, que a actividade agrícola era antigamente máis intensa na ladeira norte da Revolta e na desembocadura da Regueira, cunha superficie cultivada que subía aproximadamente ata a cota 60. Tamén nas cimas dos diques e nas ribeiras altas da Regueira a presión agraria era maior do que é hoxe en día, pero os procesos de abandono das actividades produtivas fixeron que todas estas parcelas agrícolas perdesen o seu uso orixinario para pasar a ter, na súa maior parte, usos forestais.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha unidade de gran valor ecolóxico pola singularidade e alto grao de conservación dos elementos que conforman a súa paisaxe. Os grandes cantís coroados por unha vexetación densa e frondosa penetran nas augas da parte máis exterior da ría de Betanzos e Ares xerando unha fronte litoral moi recortada, con profundas fendeduras na rocha que producen fendeduras, simas, promontorios e outros fenómenos xeográficos de grande interese paisaxístico. A Punta de San Mamede, por exemplo, supón un fito de espectacular capacidade expresiva. A práctica ausencia de intervencións humanas permite que conserve case inalterados moitos dos seus elementos de identidade, o que lle confire unha lectura máis homoxénea e completa, tanto nas visións afastadas que se producen desde Pontedeume e Ares como na percepción máis próxima desde Punta Fixón en Lorbé. Todas estas características, unidas ao feito de que se trate do único ámbito con grandes cantís convexos en todo o perfil da costa do Golfo Ártabro levan á súa consideración como Espazo de Interese Paisaxístico. A punta de San Mamede é un bo punto de observación da unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR




1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros


Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29







1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Sada. Parroquia: Santa Comba de Veigue; Santo André de Carnoedo ocupa dúas pequenas esquinas no extremo oriental. Extensión: 1,56km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade acantilada con praia pegada que presenta fortes pendentes nunha vertente degradada que ascende ata un flanco elevado dun bloque individualizado tectonicamente e orientado de NNO a SSE, o de Carnoedo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente no Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistos e cuarzosos, de idade precámbrico-silúrica.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Subhúmido no que a temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media rolda os 13°C. No tocante ás precipitacións rexístranse máximos acumulados de 1200mm e sen baixar de 1000mm ao ano.

OS SOLOS

Case toda a unidade está ocupada por cambisols eútricos, nas suaves partes altas e medias das vertentes. No sector costeiro máis baixo e empinado desenvólvense umbrisolos dístricos, menos evolucionados.

AS AUGAS

Unidade que desauga á masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096). A vertente ten escasa prolongación continental formando unha pequena cunca que ten na praia de San Pedro a súa fronte costeira.

O PATRIMONIO NATURAL

É unha costa mixta que alterna os cantís co seu hábitat 1230 de cantís atlánticos, coas praias areosas sen dunas. Aparece ademais o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados ao existir unha sensible área intermareal. Zona de monte arborado, as frondosas autóctonas caducifolias só poden encontrarse formando masas mixtas cos eucaliptos e os piñeiros procedentes da degradación de hábitats 9230 ou 9260 ou en proceso de recolonización como vexetación potencial.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A maior parte da superficie desta unidade está destinada a usos forestais, cuberta por bosque de repoboación que combina especies autóctonas con piñeiros e eucaliptos. Nas zonas máis próximas á costa mantéñense certas masas de vexetación de ribeira asociada ao curso do regato de Fraga, e boa parte do solo que en ambas as dúas vertentes descenden ata a praia de San Pedro alberga usos residenciais. Só un pequeno fragmento de terreo conserva o seu uso agrícola, que antes se estendía ata a fronte litoral na vertente oeste da val. Nos arredores da praia de San Pedro aparecen outros usos do solo vinculado á explotación turística desta, como zonas de acampada ou grandes áreas de aparcadoiro.

MORFOLOXÍA

Non existe nesta unidade ningún núcleo de poboación de orixe tradicional. Os fenómenos de urbanización dispersa que aparecen próximos á costa no límite occidental están compostos fundamentalmente por tipoloxías de vivenda unifamiliar illada. Na vertente oriental, recortándose na masa forestal, descenden pola ladeira do Monte Taibo edificacións unifamiliares unidas, así como vivendas illadas na parte máis altas da ladeira.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria interna desta unidade non presenta modificacións significativas con respecto aos camiños que tradicionalmente estruturaban o territorio de acordo con criterios de accesibilidade e produtividade da terra. Unha serie de camiños radiais xurdían de Veigue, o núcleo máis importante da área e que está situado na veciña unidade de Praia de Cirro. Un deles levaba ata a Punta do Castelo, para baixar desde aí á Praia de San Pedro, e supón hoxe en día o límite oriental desta unidade paisaxística. É nesta vía onde se apoiou o crecemento residencial antes mencionado. O AC-163, estrada comarcal que une Veigue con Fontán (Sada), atravesa lonxitudinalmente o extremo sur da unidade, pola parte alta do Monte do Cercado.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O elemento de patrimonio cultural catalogado que se rexistra nesta unidade é o Castro de Taibo, situado na cima do monte de mesmo nome, no extremo suroriental do ámbito, representante e vestixio da cultura "castrexa" que habitou Galicia nun período preromano.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A fronte litoral do Praia de San Pedro, xunto cos ámbitos veciños de Praia de Cirro e Lorbé, forma unha baía relativamente aberta coñecida como enseada de Lorbé, delimitada por unha sucesión de cantís e pequenas praias entre Punta Gavoteira e Punta Redonda. As tres paisaxes caracterízanse por responder á tipoloxía de "vertentes de pendente moderada", cunha superficie bastante reducida, escaso prolongamento continental e compostos por unha sucesión de pequenos vales de suave pendente. O ámbito clasificado como Praia de San Pedro caracterízase por ser o que ten o relevo máis accidentado dos tres, xa que inclúe boa parte das ladeiras este e norte dos montes de Taibo e O Cercado, respectivamente. É tamén a unidade menos poboada, pois a maior parte da súa superficie está cuberta por masas forestais, e pódese dicir que funcionalmente é moi dependente da unidade limítrofe de Praia de Cirro.

DINÁMICA DA PAISAXE

As unidades paisaxísticas de Praia de San Pedro, Praia de Cirro e Lorbé experimentaron unha evolución significativamente similar nas dinámicas da súa organización territorial. En liñas xerais, este proceso caracterízase por un progresivo abandono das terras de cultivo que rodean os núcleos tradicionais de poboación. Estes terreos poden ser colonizados por un aumento da superficie forestal, utilizados como pasto ou, as máis das veces, servir como soporte para crecementos residenciais. Na unidade do Praia de San Pedro, ademais, xurdiron recentemente novos usos, relacionados co aproveitamento da praia como reclamo turístico, que introduciron patróns de organización distinta no relativo ás tipoloxías de edificación, a rede viaria ou a estrutura parcelaria.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O conxunto que forman as tres unidades de Praia de San Pedro, Praia de Cirro e Lorbé presenta un litoral de alto valor, xa que a sucesión de pequenas praias areosas con formacións acantiladas cubertas de vexetación atlántica supón un fenómeno particularmente salientable. Desde a unidade de Praia de San Pedro xéranse interesantes visuais que atravesan a enseada de Lorbé. Desde o presente costeiro conséguese unha percepción do conxunto da paisaxe, abrindo as visuais ladeira abaixo ata chegar á costa.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS






















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos residenciais de vivendas unifamiliares situadas na ladeira oriental na traseira da praia de San Pedro, incluíndo o cámping do mesmo nome e o aparcadoiro. O obxecto da requalificación é minimizar a presión sobre o sistema da praia, mellorar a súa integración no bordo litoral dada a súa elevada visibilidade, e facilitar a consecución dunha funcionalidade urbana adaptada ás características da súa localización litoral. 2. Crecemento residencial recente inxerido no monte de arboredo da ladeira oriental, co obxecto de minimizar a presión sobre o sistema da praia e as formacións forestais, mellorar a súa integración no bordo litoral dada a súa elevada visibilidade e facilitar a consecución dunha funcionalidade urbana adaptada ás características da súa localización litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









 Chairas intermareais / Llanuras intermareales	 Matogueiras / Matorrales
 Marismas / Marismas	 Cultivos e prados / Cultivos y prados
 Praias / Playas	 Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
 Dunas / Dunas	 Viñedos / Viñedos
 Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros	 Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
 Cantis / Acantilados	 Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
 Vexetación costeira / Vegetación costera	 Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
 Bosques autóctonos / Bosques autóctonos	 Outras masas de auga / Otras masas de agua
 Bosques de ribeira / Bosques de ribera	 Canteira / Cantera
 Bosques mixtos / Bosques mixtos	 Artificial / Artificial
 Bosques de recolonización / Bosques de recolonización	
 Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo	

Asentamentos / Asentamientos

 Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
 Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
 Asentamento funcional / Asentamiento funcional
 Agregado urbano / Agregado urbano
 Nova agrupación / Nueva agrupación
 Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

 Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
 Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
 Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
 Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
 Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
 Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
 Puntos de observación / Puntos de observación
 Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior

Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral

Praia / Playa

Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve

Toponimia de costa / Toponimia de costa




Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico

Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

 0 m	 -20 m	 -100 m	 -500 m	 -2000 m
 -10 m	 -50 m	 -200 m	 -1000 m	 -3000 m












Espazos de interese / Espacios de interés

 Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
 Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
 Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
 Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

 Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
 Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
 Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
 Zona portuaria / Zona portuaria
 Ferrocarril / Ferrocarril
 AVE / AVE
 Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
 Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
 Outras estradas / Otras carreteras
 Pistas e camiños / Pistas y caminos
 EDAR / EDAR




1:20.000

0 100 200 400 600 800
Metros


Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29







1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Rías de Ares e Betanzos. Concello: Sada, Oleiros. Parroquia: Santa Comba de Veigue; Santa María de Dexo, na esquina setentrional. Extensión: 0,98km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade acantilada con praia apegada ao pé, con vertente de pendente suave a moderada, maior na parte oriental, onde aínda afecta o flanco elevado do bloque tectónico de Carnoedo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente no Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistosos e cuarxistosos, de idade precámbrico-silúrica.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Subhúmido caracterizado por valores medios de temperatura superiores a 14°C ao ano e precipitación media anual acumulada entre 1000mm e 1200mm. A oscilación térmica varía entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Cambisols eútricos como solos dominantes, acaparando as partes altas e medias das vertentes. Nas partes baixas, sector cantil e de maior pendente, só se desenvolven umbrisois dístricos, menos evolucionados.


AS AUGAS

Unidade que desauga á masa de Augas Costeiras da Ría de Ares e Betanzos (20096). A vertente ten escasa prolongación continental formando un val de orientación norte-sur que ten na praia de Cirro a súa fronte costeira.

O PATRIMONIO NATURAL

É unha costa mixta que alterna os cantís co seu hábitat 1230 de cantís atlánticos, coas praias areosas sen dunas. Aparece ademais o 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados ao existir unha sensible área intermareal. Zona intensamente transformada onde as frondosas autóctonas caducifolias só aparecen en pequenos rodais de recolonización.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Nesta unidade mantense aínda o uso agrícola en boa parte da súa superficie. Con todo, faino dun modo moi fragmentado, xa que a continuidade que presentaba antigamente o agra desapareceu pola xeración de novos usos residenciais que consumen grandes extensións de chan. Ao longo do rego de Cirro, no extremo oriental da unidade, figuran masas boscosas de vexetación de ribeira que se alternan con árbores de repoboación pero sen uso produtivo forestal. A fronte litoral (incluíndo a praia de Cirro) acolle na actualidade un uso residencial de carácter basicamente estacional consecuencia do seu aproveitamento como recurso turístico.

MORFOLOXÍA

Na zona meridional da unidade, a media ladeira da vertente oeste do val de Cirro, sitúase o núcleo parroquial de Veigue, formado polos casaríos de Quintán, Fraga, Soutilo e Chan de Aldea. O crecemento que experimentou recentemente materializouse case en exclusiva mediante unha tipoloxía edificatoria de vivenda unifamiliar illada desvinculada dos usos produtivos do chan. Apoíándose nas vías de comunicación, xerou un tecido pouco denso, altamente esponxado e sen continuidade espacial que ocupa a práctica totalidade da unidade.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria organizase de modo radial desde o núcleo tradicional de Veigue, de onde salguen as diferentes vías que levan á costa (a Punta do Castelo e a Praia de Cirro), e de onde nacen as vías que conectan a unidade coas terras interiores de Sada e Oleiros (a estrada C-5815). Veigue é atravesado pola AC-163, estrada comarcal que une Lorbé con Fontán (Sada) cunha traza sensiblemente paralela á liña litoral e que funciona como límite interior desta unidade. As vías existentes apoíanse sobre antigos camiños e pistas que facilitaban a accesibilidade ás terras de cultivo e ao territorio que dun ou outro modo dependía do asentamento orixinal.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O elemento máis reseñable de patrimonio arqueolóxico é o Castro dá Fraga de Veigue, da Idade de Ferro. Na fronte litoral, asomándose ao mar no extremo oriental da Praia de Cirro, os restos do asentamento coñecido como O Castelo danlle nome á Punta onde se asentan. En canto a patrimonio arquitectónico, catalóganse no núcleo de Veigue a igrexa parroquial de Santa Comba e o Cruceiro que se vincula a ela.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A fronte litoral da Praia de Cirro, xunto co dos ámbitos veciños de Praia de San Pedro ao oriente e Lorbé ao occidente, forma unha baía relativamente aberta coñecida como enseada de Lorbé, delimitada por unha sucesión de cantís e pequenas praias entre Punta Gavoteira e Punta Redonda. As tres paisaxes caracterízanse por responder á tipoloxía de vertentes “de pendente moderada”, cunha superficie bastante reducida, escasa prolongación continental e compostos por unha sucesión de pequenos vales de suave pendente. O ámbito de Praia de Cirro caracterízase por ser o que soporta unha maior urbanización dispersa. Presenta gran parte da súa superficie ocupada por crecementos residenciais, especialmente nas proximidades da Praia de Cirro, debido ao seu aproveitamento turístico.

DINÁMICA DA PAISAXE

As unidades paisaxísticas de Praia de San Pedro, Praia de Cirro e Lorbé experimentaron unha evolución significativamente similar nas dinámicas da súa organización territorial. En liñas xerais, este proceso caracterízase por un progresivo abandono das terras de cultivo que rodean os núcleos tradicionais de poboación, terreos que nesta unidade en particular serviron como soporte para crecementos residenciais extensivos de moi baixa densidade apoiándose sobre todo nas vías de comunicación. Este crecemento residencial levou tamén á redución da superficie forestal do norte da unidade, especialmente das masas boscosas que se situaban na franxa litoral setentrional.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O conxunto que forman as tres unidades de Praia de San Pedro, Praia de Cirro e Lorbé presenta un litoral de valor xeomorfolóxico e ecolóxico, xa que a sucesión de pequenas praias areosas con formacións acantiladas cubertas de vexetación atlántica supoñen un fenómeno particularmente reseñable. A unidade de Praia de Cirro, aínda que está no punto medio, presenta conexións visuais máis claras coa costa de Lorbé, pois desde a Punta do Castelo obtense unha extraordinaria panorámica da sucesión de puntas, praias e cantís que se estenden até Punta Redonda, límite visual da enseada de Lorbé. Cara ao interior, con todo, estas conexións visuais son menos evidentes, pero a sucesión de masas forestais de repoboación, bosquetes de ribeira e certas áreas de cultivo entorno ao corredor fluvial da canle que recolle as augas superficiais da valgada da unidade, permite xerar unha conexión transversal desde a Praia de Cirro cara ao interior continental.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Desenvolvementos residenciais dispersos de tipoloxía maioritaria unifamiliar illada, desde o trazado da estrada AC-163 ata a praia de Cirro e o perfil cantil que a enmarcan, que están desvinculados das actividades rurais e non presentan unha funcionalidade urbana. O obxectivo é integrar os baleiros como elementos xeradores de trama ou estrutura física e funcional, minimizar a presión sobre a praia e o perfil cantil e mellorar deste xeito a calidade escénica e ambiental deste lugar.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



